

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión ordinaria do 4 de abril de 2011

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. Xulio Calviño Rodríguez
D. Santiago Domínguez Olveira
D. Eudasio Álvarez Álvarez
D^a M^a Xosé Méndez Piñeiro
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz
D. José Manuel Mariño Mendoza

NON ASISTEN:

D. Francisco Xabier Alonso Pérez
D. Carlos López Font

Invitados:

D^a María Jesús Lago Rey
D. Angel Rivas González
D. Xesús López Carreira
D^a Iolanda Veloso Ríos

D^a Raquel Díaz Vázquez
D^a Laura López Atrio

Na Casa do Concello de Vigo, ás 10.05 horas do día 4 abril de dous mil once e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, o interventor xeral, Sr. González Carnero, titular da Asesoría Xurídica, Sr. González Yebra-Pimentel..

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(400).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA AGRUPACIÓN DE CENTROS DEPORTIVOS E CULTURAIS DE VIGO PARA A ORGANIZACIÓN DO PROGRAMA VENDE CON NÓS PARA O ANO 2011. EXPTE. 3938/335.

Examinadas as actuacións do expediente, de conformidade co informe-proposta da técnica do Servizo de Animación Sociocultural, de data 14-02-2011, conformado polo delegado da área, co informe do letrado asesor do 25-02-2011, e co Rc. de Intervención do 22.03.2011, a Xunta de Goberno Local acorda:

“1º.- Que se aprobe o proxecto de convenio, que se achega no expediente, entre o Concello de Vigo e a Agrupación de Centros Deportivos e Culturais para o desenvolvemento do programa “VENTE CON NOS” para o ano 2011.

2º.- Que se faculte ó concelleiro de Cultura e Animación Sociocultural para asinar o citado convenio.

3º.- Que se autorice un gasto por un importe total de 15.000,00 euros, en concepto do estipulado no referido convenio, que se financiará con cargo a partida 3380.489.0010 do programa orzamentario do servizo de Animación Sociocultural correspondente ó vixente exercicio económico. “

CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E AGRUPACIÓN DE CENTROS DEPORTIVOS E CULTURAI PARA A ORGANIZACIÓN DOS PROGRAMAS “VENTE CON NOS”

Na Casa do Concello de Vigo,

REUNIDOS

Dunha parte, don Xesús López Carreira, na súa calidade de concelleiro-delegado da Área de Cultura e Animación Sociocultural do Concello de Vigo, na representación legal do mesmo, en virtude do decreto da Alcaldía de 5 de xullo de 2007, sobre delegación de atribucións no Tenente Alcalde e demais Delegados de Área.

Doutra, don Roberto Giráldez Barbeitos con D.N.I. nº 76.911.826-X, como presidente da Agrupación de Centros Deportivos e Culturais C.I.F. nº 36.791.291 e enderezo social na rúa Ecuador, nº 34 local baixo Vigo-Pontevedra, na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 3938-335

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I.- Que a entidade Agrupación de Centros Deportivos e Culturais ten como fin, segundo os seus estatutos os de representar perante os organismos competentes, persoas físicas ou xurídicas, tanto do eido da cultura, o deporte e como de todas aquelas actividades de carácter lúdico ou recreativo, os intereses das entidades asociadas, que puidesen verse beneficiada ou, polo contrario prexudicadas no desenvolvemento das súas actividades.

II.- Que o obxecto do presente convenio é o desenvolvemento do programa “VENTE CON NOS”. Este proxecto desenvolve un circuíto de actuacións polos barrios de termo municipal de Vigo no que participan quince grupos de música, danza e canto tradicional galego pertencentes ás entidades da agrupación.

III.- Que o Concello de Vigo vén levando a cabo dende hai anos unha importante labor para potenciar, difundir e apoiar a danza, música e canto tradicional entre toda a cidadanía especialmente nos distintos barrios do termo municipal.

IV.- Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na partida 3380.489.0010, prevé a concesión dunha subvención por importe de 15.000,00 euros, a favor da Agrupación de Centros Culturais CIF G-36.791.291 para o desenvolvemento do programa “Vente con Nos”. Na devandita actividade a subvencionar e na subvención mesma concorren singulares circunstancias de interese público xa que achega a danza, a música e o canto tradicional galego aos distintos barrios do termo municipal de Vigo.

O programa “**VENTE CON NOS**” foi creado e rexistrado pola Agrupación de Centros Deportivos e Culturais no ano 2001. A exclusividade do programa considérase acreditada no proxecto presentado pola antedita asociación, así como o seu interese público e social.

Estas circunstancias impiden promover concorrencia pública da subvención e xustifican a súa concesión directa.

IV.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o convenio será instrumento adecuado para canalizar as subvencións que, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública se outorguen directamente, os intervinientes conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención.

V.- Que a Agrupación de Centros deportivos e Culturais non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, achase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm. 3938-335.

VI.- Que o Concello de Vigo e a Agrupación de Centros deportivos e culturais veñen asinando dende o ano 2004, convenios de colaboración para desenvolver estes proxectos, e os resultados acadados foron moi satisfactorios para ambas partes.

Que en base ás precedentes consideracións e ao interese cultural que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da Agrupación de centros deportivos e culturais de Vigo, o Concello de Vigo e a dita entidade conveñen a súa colaboración no ámbito cultural e a concesión da referida subvención en base aos seguintes

PACTOS

Primeiro.- A Agrupación de Centros Deportivos e Culturais comprométese a colaborar coa Concellería de Animación Sociocultural do Concello de Vigo en canto ao desenvolvemento do programa “**VENTE CON NOS**” e, concretamente, a:

1.- Cumprir os programas obxecto deste convenio de acordo co proxecto presentado e que figuran como anexo II.

- a) No programa “**Vente con nos**” participarán quince grupos pertencentes ás entidades detallados no proxecto. O número total de actuacións con cargo ó presente convenio será de corenta e cinco, cun mínimo de tres actuacións por cada entidade.
- b) As contías que se establecen por actuación e grupo, a proposta da Agrupación de Centros Deportivos e Culturais, son as seguintes:

CATEGORIA A: (400 €/ actuación)

Grupo de Baile “Andarela”

Grupo de Baile “Froles Novas”

Grupo de Baile “Lembranzas Galegas”

Grupo de Baile “Corisco”

Grupo de Baile “Leticias de Valladares”

CATEGORIA B: (350 €/actuación).

Grupo de Baile “Helios de Bembrive”

Grupo de Baile “Becerreira-Cabral”

Grupo de Baile “Asubío”

Grupo de Baile “Atlántida de Matamá”

Grupo de Baile “Crac de Coruxo”

CATEGORIA C: (300 €/actuación).

Grupo de Baile “Os Ventos de Comesaña”

Grupo de Baile “O Coto”

GRUPO DE GAITAS: (200 €/actuación)

Grupo de Baile “Rueiro”

Grupo de Baile “Queixumes”

OUTROS FOLCLORES: (150 €/actuación)

Grupo de Gaitas “Os Trasnos da Gaita”.

- c) Nestas cantidades enténdense incluídos todos os gastos que se deriven da actuación dos grupos (recursos humanos e materiais, transportes, cadeiras...).
- d) O importe do programa “Vente con nos” ascende a 15.600,00 euros correspondendo 15.000,00 euros ás corenta e cinco actuacións e 600,00 euros aos gastos de coordinación da Agrupación.

2.- As corenta e quince actuacións previstas para o programa distribuiranse do seguintes xeito:

- a) 25 actuacións para atender as solicitudes de asociacións ou entidades da cidade (quedan excluídas a comisións de festas). (Segundo o modelo do anexo I)
- b) 15 actuacións de libre disposición para actos organizados pola Concellería de Animación sociocultural do Concello de Vigo.
- c) 5 actuacións de libre disposición para actos organizados pola Agrupación de Centros Deportivos e Culturais.

3.- Asumir todos os seguros relativos ás actividades e espectáculos que se inclúen no programa e que procedan segundo a lexislación vixente: responsabilidade civil, accidentes, etc, para dar resposta ás posibles incidencias que se produzan durante o seu desenvolvemento e que serán total responsabilidade da entidade asinante.

4- Comprometerse a cumprir os horarios máximos de finalización de actividades e espectáculos establecidos pola normativa da Xunta. Así mesmo, terán que cumprir co estipulado na Lei de Ruídos de Galicia, así como nas ordenanzas municipais e outra lexislación ó respecto.

5.- Asumir todos os gastos que se poidan derivar da execución do convenio.

6- Editar e distribuír o material gráfico da programación que figura no convenio. En todos os casos deberá aparecer o logotipo da Concellería de Cultura e Animación Sociocultural do Concello de Vigo como patrocinador das actividades.

7- Obter todos os permisos e autorizacións necesarios para a realización das actuacións. En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei de Galicia 9/2007.

8.- A Concellería de Cultura e Animación Sociocultural comunicará a Agrupación os lugares, datas e horas das actuacións de cada grupo. Se a data estivera dispoñibles, o grupo quedará automaticamente comprometido co Concello de Vigo para súa actuación. Se a data estivese comprometida previamente, o grupo terá que acreditar o compromiso na citada concellería nun prazo de dous días hábiles dende o recibo da comunicación; en caso contrario entenderase que se acepta a súa realización.

Toda actuación que se realice sen a autorización previa da Concellería de Animación Sociocultural non será aboada con cargo a este convenio.

9.- Distribuír entre os grupos participantes o modelo de “certificacións de actuacións” que terán que ser cubertos polas asociacións ou entidades onde realicen as actuacións.

Pola súa banda os grupos participantes nos programas terán que asumir os seguintes compromisos:

- a) Distribuír o material gráfico que se envíe dende o Concello, se é o caso, para difundir a actuación e incluír o logotipo da Concellería de Animación Sociocultural naquel que edite a propia entidade.
- b) Entregar á Agrupación de Centros deportivos e Culturais as "certificación de actuación", que se inclúe modelo no anexo do convenio, indicando as posibles incidencias acontecidas durante o desenvolvemento do concerto programado.
- c) Comezar as actividades do programa á hora anunciada ó público, comprobando con antelación suficiente o correcto funcionamento das instalacións e equipamentos, e realizando as correccións técnicas que resulten necesarias.

Aquelas entidades que soliciten a realización de actuacións e que sexan finalmente programados pola Concellaría de Animación Sociocultural, deberán asumir os seguintes compromisos:

- a) Distribuír o material gráfico que se envíe dende o Concello, se é o caso, para difundir o concerto e incluír o logotipo da Concellería de Cultura e Animación Sociocultural naquel que edite a propia entidade.
- b) Xestionar e aboar o importe correspondente ós dereitos de autor derivados da actuación do grupo;
- c) Cubrir a "certificación de actuación", da que se inclúe modelo no anexo do convenio, indicando as posibles incidencias acontecidas durante o desenvolvemento do concerto programado.”
- d) Presentar a actuación, facendo unha mención breve ao historial do grupo, repertorio a executar, e entidades que colaboran para a programación do concerto.

As actuacións con cargo a este convenio irán destinados ó público en xeral, con acceso libre e gratuíto, ata completar o aforo do lugar onde se celebren. A organización do calendario de actuacións previstas neste convenio corresponderalle á Concellería de Cultura e Animación Sociocultural, en coordinación coa Agrupación de Centros Deportivos e Culturais. Non poderán solicitar as anteditas actuacións as comisións de festas para festas patronais. As actuacións distribuiranse atendendo aos criterios, á súa dispoñibilidade, a orde de entrada da solicitude no Rexistro Xeral do Concello e a un criterio de distribución territorial polos barrios e parroquias de Vigo.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

- 1.- Programar as datas e lugares das actuacións, segundo os criterios estipulados na cláusula primeira 13ª .
- 2.- Comunicarlle á agrupación os lugares, datas e horas das actuacións, cunha antelación mínima de 15 días naturais para as actuacións solicitadas polas entidades ou asociación de 5 días naturais para actos oficiais.

- 3.- Realizar a difusión aos medios de comunicación da información acerca das actuacións programadas.
- 4.- Velar para que as condicións das actuacións sexan as máis apropiadas para a actividade a desenvolver e consensuadas cos propios grupos implicadas ou en todo caso coa Agrupación de Centros Deportivos e Culturais, dignificando os espazos, lugares, escenarios, etc. Neste sentido, evitarase realizar actuacións ó aire libre en zonas peonís, salvo expresa autorización por escrito do Concello. En todo caso, deberase respectar a normativa relativa á protección contra a contaminación acústica.
- 5.- Conceder directamente á entidade Agrupación de Centros Deportivos e Culturais, unha subvención por importe de 15.000,00 euros para o desenvolvemento do programa “VENTE CON NOS” .

O Concello non asume ningún compromiso distinto dos recollidos no presente convenio.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A entidade beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- O pagamento da cantidade recollida no pacto segundo deste convenio realizarase efectuarase por transferencia bancaria conta corrente número 2100.5912.48.0200021010, da entidade bancaria LA CAIXA, da que é titular a entidade beneficiaria, tras a xustificación das axudas.

Quinto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Sexto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

Sétimo.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a incorporación do logotipo da Concellería de Cultura e Animación Sociocultural e da imaxe corporativa do evento en todos o soportes publicitarios que edite.

Oitavo.- A presente subvención terá a publicidade prevista no artigo 15 da Lei de Galicia 9/2007.

Noveno.- A beneficiaria, no prazo de quince días a contar desde o remate da actividade subvencionada deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar:

a) Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións previstas no presente convenio, con indicación dos actos celebrados, datos de participación, memoria de prensa, rexistro fotográfico e audiovisual e informe de incidencias.

b) Memoria económica xustificativa do custo final das actividades realizadas, que incorporará:

- Balance económico con detalle dos gastos e ingresos finais e desviacións con relación ao orzamento inicial.
- Relación clasificada dos gastos totais da actividade, con identificación do acredor, número de factura, CIF/NIF, concepto facturado e importe.
- Facturas e demais documentos orixinais de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, polo importe subvencionado. Os ditos documentos, que serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE; estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previas no RD 1496/2003, de 28 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Non será preciso que nos documentos xustificativos de pago conste de forma expresa que os pagos aos que os mesmos se refiren foron satisfeitos con anterioridade ao proceso de xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención. Se a beneficiaria solicitase a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e se o importe do xustificante se imputa exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.
- De existiren, relación detallada de outros ingresos ou subvencións que financiaron a actividade, acreditando o seu importe, procedencia e a aplicación dos ditos fondos ás actividades subvencionadas.

Décimo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da Lei de Galicia 9/2007.

Décimo primeiro.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen no exercicio económico do convenio.

Décimo segundo.- A realización da actividade subvencionada, o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención e a axeitada xustificación da mesma serán comprobados polos servizos da Concillería de Animación Sociocultural. O xefe do servizo de Animación Sociocultural emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo terceiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Animación Sociocultural e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo cuarto.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da LG 9/2007.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo quinto.- A información sobre as actividades, especialmente en carteis e programas, estará integramente en idioma galego, e terá que ser revisada polo servizo de normalización lingüística do Concello de Vigo. En toda a información figurarán os logotipos da Concellería de Cultura e Animación Sociocultural, da Tenencia de Alcaldía e da entidade beneficiaría, nas mesmas condicións e tamaños. O material editado deberá contar coa conformidade previa da Concellería de animación Sociocultural do Concello de Vigo e disporá dos depósitos legais que lle correspondan.

Décimo sexto.- O mecanismo de seguimento da execución deste convenio establécese en base ás memorias e informes que presenten as entidades asinantes e a presenza do persoal técnico da Concellería de Animación Sociocultural nos propios espectáculos folclóricos programados.

Décimo sétimo.- O presente convenio terá vixencia anual a contar dende a data da súa sinatura.

Décimo oitavo.- O Concelleiro de Animación Sociocultural queda facultado para resolver as posíbeis controversias derivadas da execución e interpretación deste convenio, así como para tomar iniciativas que contribúan ó seu cumprimento e desenvolvemento.

Décimo noveno- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei de Galicia 9/2007 e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

Vixésimo - A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de Galicia 9/2007 en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e na Lei 15/1999, do 13 de

decembro, de protección de datos de carácter persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Animación Sociocultural.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Animación Sociocultural do Concello de Vigo.

Vixésimo primeiro- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, no lugar e data que se indican

2(401).- BASES DE SUBVENCIONS E CONVOCATORIA PARA O ANO 2011 DAS SUBVENCIONS PARA PROGRAMAS DE ACTIVIDADES SOCIOCULTURALS. EXPTE. 3945/335.

Examinadas as actuacións do expediente, de conformidade co informe-proposta da técnica do Servizo de Animación Sociocultural, de data 2-02-2011, conformado polo delegado da área, co informe do letrado asesor do 11-03-2011, e co informe da xefa do servizo de Fiscalización do 24.03.2011, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Que se aproben ás bases de subvencións para programas de actividades socioculturais.

Segundo.- Que se aprobe a convocatoria de subvencións para programas de actividades socioculturais para o exercicio 2011.

Terceiro.- Que se autorice e dispoña un gasto por un importe de 100.000,00 euros con cargo á partida 3380.489.0000 (transferencias a entidades sen ánimo de lucro) do programa presupostario de Animación sociocultural para o vixente exercicio, para atender as solicitudes que se presenten ó abeiro desta convocatoria.

Cuarto.- Que se aprobe a publicación das bases e convocatoria.

BASES DE SUBVENCIÓN PARA PROGRAMAS DE ACTIVIDADES SOCIOCULTURALS.

Primeira.- OBXECTO

O obxecto das presentes bases é a regulación da concesión de subvencións do Servizo de Animación Sociocultural do Concello de Vigo, dentro dos límites dos créditos aprobados nos orzamentos municipais, para o desenvolvemento de programas de actividades socioculturais que complementen e/ou suplan aquelas de competencia municipal.

Segunda.- OBXECTIVOS DAS AXUDAS.

- Conseguir unha cidadanía participativa e transformadora do seu contorno, cara á consecución da mellora da súa calidade de vida e a cohesión social da cidade.
- Fortalecer o tecido asociativo que traballa no ámbito da cultura e animación sociocultural.
- Fomentar valores sociais e culturais na cidadanía, a través da difusión e do coñecemento da nosa identidade cultural.
- Favorecer a cooperación entre o sector público e privado no desenvolvemento de programas de actividades de animación sociocultural.
- Fomento das actividades destinadas a promover a recuperación da cultura popular e as tradicións de Galicia.
- Incentivar a creación de programas que reactiven as actividades musicais, artísticas, teatro, danza e de animación á lectura.
- Apoiar aquelas iniciativas culturais innovadoras que acerquen á cidadanía as últimas tendencias culturais que proxecten unha imaxe moderna, dinámica e vangardista de Vigo (música electrónica, experimental, alternativa, culturas urbanas, produtos multimedia, creación dixital, etc.)

2.- O ámbito espacial destas actividades será o termo municipal de Vigo, dende unha dimensión de barrio, parroquia ou cidade; ou excepcionalmente fóra deste no caso de que se consideren de interese para a proxección exterior da cidade.

Terceira: CONVOCATORIA

- Con carácter anual, e a poder ser dentro do primeiro trimestre do exercicio, aprobaranse as convocatorias para o outorgamento das subvencións, que se axustarán ao disposto por estas bases.
- A convocatoria establecerá como mínimo:
 - a) Partida económica e créditos máximos adicados.
 - b) Procedemento de concesión.
 - c) Termo para a presentación das solicitudes.
 - d) Requisitos dos solicitantes.
 - e) Lugar onde poden obter as bases da convocatoria e formularios necesarios para concorrer a esta, información da súa data de publicación no BOP.
 - f) Lugar de presentación das solicitudes.
 - g) Concreción das diferentes liñas e conceptos subvencionabéis no ámbito cultural e socio comunitario.
 - h) Orzamento adicado a cada liña de subvención, número máximo de programas a presentar por liña, réxime de concesión, cantidade máxima de subvención por programa, e umbral mínimo de puntos que cada programa debe alcanzar para ter dereito á subvención.
 - i) Ámbito temporal dos gastos subvencionabéis.
 - j) Número de programas que se poden presentar a cada liña de subvención, conceptos subvencionabéis e contías máximas a percibir.

Cuarta.- BENEFICIARIOS

1.- Poderán solicitar subvención, segundo o programa subvencionábel recollido da convocatoria anual:

a) As entidades sen ánimo de lucro, e demais persoas xurídicas que reúnan os seguintes requisitos:

a.1.- Asociacións que figuren inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións á data de presentación da solicitude.

a.2.- Que teñan a súa sede social ou delegación no termo municipal de Vigo.

a.3.- Que conforme aos seus estatutos ou normas reguladoras, teñan obxectivos e finalidades coincidentes cos establecidos nas presentes bases.

a.4.- Que dispoñan de estrutura suficiente para garantir o cumprimento dos obxectivos propostos e acreditar a experiencia e capacidade necesaria para o logro de tales obxectivos.

a.5.-Que se atopen ao corrente das súas obrigas fiscais co Concello de Vigo, coa Facenda Pública estatal e autonómica e coa Seguridade Social.

a.6.- Que teñan debidamente xustificadas en tempo e forma axudas outorgadas nesta área do Concello de Vigo no ano anterior.

a.7.- Os demais requisitos previstos no artigo 9 da Lei de Galicia 9/2007, de subvencións de Galicia, artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e no Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da citada lei.

Dúas ou máis entidades poden presentar un proxecto en concertación. Para os efectos do apartado anterior, todas as entidades concertadas teñen a condición de beneficiario e, polo tanto, terán que cumprir as condicións expostas.

b) As persoas físicas con domicilio no termino municipal de Vigo e que se atopen empadroadas no Concello, que teñan capacidade para levar a cabo as actividades subvencionabéis.

Quinta: SOLICITUDES

1. As persoas que concorren a esta convocatoria presentarán as solicitudes no Rexistro Xeral do Concello, ben directamente ben por calquera das formas previstas no artigo 38 da Lei 30/1992, mediante a instancia-formulario de solicitude que se establece para tal efecto con estas bases (Anexo I).

A mera presentación da solicitude suporá que o/a solicitante coñece e acepta as presentes bases de convocatoria.

2.- Prazo de presentación das solicitudes: o establecido na convocatoria anual e sempre nun período non inferior a 20 días naturais, a contar dende a publicación da convocatoria no BOP.

3.- Información e tramitación: Toda a información relativa á convocatoria estará dispoñíbel no taboleiro de anuncios da Casa do Concello, servizos de información do Concello de Vigo, páxina web municipal (www.vigo.org) e servizo de Animación Sociocultural.

As solicitudes poderán tramitarse dende a páxina web seguindo os pasos e introducindo os datos que esixe a aplicación informática, ou presentando as peticións por escrito nos modelos facilitados polo Concello.

4.- A través da convocatoria anual poderanse limitar o número de programas que poden ser presentados dentro dun mesmo concepto subvencionábel.

5.- O outorgamento da subvención non poderá superar, en ningún caso, o 75% do importe do proxecto presentado.

6.- Na mesma solicitude, incorporárase a declaración positiva de que a persoa ou entidade solicitante non está incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiaria prevista no artigo 13 da Lei 38/2003.

Así mesmo, autorízase expresamente ao Concello de Vigo a comprobar que está ao corrente do pago das súas obrigas fiscais e Seguridade Social (no caso contrario, deberá presentar os certificados Consellería de Facenda da Xunta de Galiza, Axencia Estatal da Administración Tributaria e Seguridade Social).

Sexta: DOCUMENTACIÓN A ACHEGAR

Xunto coa instancia de solicitude deberá achegarse a seguinte documentación e información:

6.1. Por solicitante:

a.- Fotocopia compulsada do CIF ou NIF.

b.- Anexo I.1: declaración asinada polo/a secretario/a da entidade ou persoa física relativa a:

1. Data do acordo da asemblea do órgano de dirección na que se decide solicitar subvención, e importes solicitados
2. Solicitudes de subvencións realizadas a outros organismos e institucións públicas ou privadas dos proxectos para os que se solicitan as subvencións.
3. Non estar incurso en causa de incapacidade ou incompatibilidade para a percepción das axudas.
4. Subvencións pendentes de xustificar ao Concello de Vigo.
5. Cumprimento das obrigas tributarias coa Seguridade Social (só para aquelas axudas cuxa contía a outorgar non supere na convocatoria o importe de 3.000 euros).
6. Datos para a valoración do solicitante:

- Persoas xurídicas: antigüidade, xestión económica financeira, masa social e representatividade, ámbito territorial e temático de intervención, recursos humanos e materiais.

- Persoas físicas: breve curriculum vitae e fotocopia da última declaración da renda.

c.- Certificación positiva acreditativa de estar ao corrente no pago das obrigas fiscais (Axencia estatal da Administración tributaria, Facenda da Xunta de Galicia) e Certificación acreditativa de estar ao corrente no pago das obrigas da Seguridade social ou de non ter a entidade traballadores ao seu cargo, expedidas no ano en curso (só para aquelas axudas cuxa contía a outorgar na convocatoria supere o importe de 3.000 euros e no caso de que non se autorice expresamente ó Concello de Vigo a recabar os datos relativos ao cumprimento das obrigas fiscais e da Seguridade Social).

O Concello de Vigo comprobará de oficio que o solicitante das axudas está ao corrente do cumprimento das obrigas fiscais co Concello.

d.- Certificado da titularidade da conta bancaria para aqueles solicitantes que non recibiron nunca subvención municipal ou ningún outro pago por calquera concepto e que, polo tanto, non figuren inscritos no Rexistro de Acredores do Concello.

6.2 Por programa ou proxecto solicitado:

a- Anexo II.1.- Ficha resume de cada programa de actividades facilitado polo Concello e identificativo dos principais elementos xerais deste: denominación, adscrición ao programa, fundamentación das necesidades e a razón do proxecto, ámbito de execución, coordinación, obxectivos, destinatarios, metodoloxía, temporalización, recursos humanos, materiais e económicos, sistemas de seguimento e avaliación.

b- No caso daqueles proxectos editoriais e publicacións periódicas de carácter informativo e divulgativo no ámbito da cultura e animación sociocultural, cumprirán os seguintes requisitos:

_Non ter carácter de boletín interno da asociación.

_Presentar un proxecto editorial no que se inclúa entre outros datos: responsábeis da redacción e da edición, índice, número de páxinas, número de exemplares, características (tamaño, cores, papel, etc), periodicidade da tirada, números xa publicados, sistema de distribución e plan de financiamento.

_Dispoñer de depósito legal.

_Indicar na contraportada da publicación o patrocinio da Concellería de Cultura e Animación Sociocultural.

_Depositara gratuitamente dez exemplares na Concellaría de Cultura e Animación sociocultural no prazo máximo dun mes dende a súa edición.

_Se a publicación xa está editada e cumpre cos requisitos anteriores, presentarase, xunto ao proxecto, un exemplar dela.

c- No que atinxe ao desenvolvemento de cursos de formación, achegarase o currículo do profesorado, os datos de custo hora por alumnado e custo hora por profesor/a, así como as características técnicas do local de formación e os recursos didácticos cos que se contan.

d- A solicitude presentada que non inclúa o proxecto específico para o cal solicita subvención será directamente excluída, sen prexuízo do disposto polo artigo 71 da Lei 30/1992.

Sétima: DESESTIMACIÓN DE SOLICITUDES

Unha vez estudados os proxectos solicitados xunto coa documentación presentada polas asociacións, desestimaránse:

1.- Aqueles que para a mesma finalidade, foron solicitados noutras áreas ou servizos do Concello de Vigo.

2.- Aqueles que teñan unha relación e canle máis específica de subvención con outras áreas do Concello de Vigo, ou que o obxecto da súa petición estea incluído nalgún convenio de colaboración ou contratación co Concello de Vigo.

3.- Aqueles nos que os gastos subvencionados leven asociados investimentos en bens de natureza inventariábel (infraestruturas e equipamentos) e o seu mantemento, sempre que supoña un incremento da vida útil dos bens; os gastos de carácter suntuario, liberalidades ou gastos financeiros.

4.- Aqueles que supoñan a edición de documentos internos, así como externos de signo exclusivamente propagandístico.

5.- Aqueles de carácter político e doutrinal de signo partidario e/ou confesional.

6.- Aqueles que inclúan actividades de signo docente previstas nos programas de ensino.

7.- Aqueles que en consideración ao proxecto e programación non reúnan as condicións mínimas de interese xeral e non acaden unha puntuación mínima suficiente establecida na convocatoria anual, xa que de non chegar a esta puntuación indicaría unha mala definición do proxecto ou que a materia no se axusta aos obxectivos da convocatoria.

8.- Que a solicitude se presente fóra do prazo estipulado na convocatoria, calquera que sexa a causa do atraso.

9.- A falta de xustificación en tempo e forma algunha das subvencións concedida na convocatoria do ano anterior.

Oitava: CRITERIOS DE VALORACIÓN

Na valoración dos programas ou proxectos aplicaranse os seguintes criterios:

1. Criterio para valoración da persoa ou entidade solicitante	Ata 20 puntos
Traxectoria e antigüidade da entidade	Ata 5 puntos
Masa social, representatividade e participación da cidadanía	Ata 10 puntos
Ámbito xeográfico (barrio, parroquia ou distrito), e poboación destinataria	Ata 5 puntos
2. Criterio de valoración do programa ou proxecto	Ata 80 puntos
Interese do programa: adecuación aos obxectivos recollidos nas bases, innovación, ámbito xeográfico, duración do programa, colectivo a quen vai dirixido, consolidación do proxecto.	Ata 50 puntos
Calidade no deseño da proposta: análise das necesidades existentes no contorno, deseño dos contidos e incorporación de metodoloxías socioeducativas, recursos, uso de novas tecnoloxías.	Ata 10 puntos
Viabilidade técnico-económica e financeira do proxecto: orzamento de gastos e ingresos previstos relacionado coa actividade, presenza doutras fontes de financiamento (propias ou externas), achega de recursos propios da entidade (humanos e materiais) e persoal voluntario para o desenvolvemento da actividade, viabilidade temporal	Ata 10 puntos
Programas socioculturais dirixidos o fomento do uso da lingua galega, programas dirixidos á mocidade e ao intercambio multicultural	Ata 5 puntos
Colaboración con outras entidades asociativas.	Ata 5 puntos

A xustificación das subvencións solicitadas e concedidas en convocatorias anteriores é un requisito para a concesión das subvencións.

A Comisión de Valoración encargada da avaliación dos proxectos terá en consideración os datos presentados pola entidade xunto co seu propio coñecemento a través dos datos existentes no Concello de Vigo.

Novena.- PROCEDIMIENTO DE CONCESIÓN

O procedemento de concesión de subvencións se tramitará en réxime de concorrencia competitiva. A concesión das subvencións realizaranse mediante a comparación das solicitudes presentadas, a fin de establecer unha prelación entre as mesmas, conforme aos criterios de valoración sinalados na base anterior, coa excepción do concepto subvencionabel 3.b) e 3c) da convocatoria que se lle aplicará unha cantidade fixa: por festas patronais de interese no ámbito urbano (8.000 euros); e por festas patronais en barrios e parroquias (1.000 euros).

O importe máximo a conceder a cada entidade solicitante por cada concepto subvencionabel será do 75% do importe do proxecto presentado, sempre que alcancen o mínimo de puntos establecido na convocatoria anual.

Décima:-INSTRUCCIÓN

1.- A instrución do procedemento de concesión das subvencións convocadas correspóndelle ao Servizo de Animación Sociocultural.

2.- Os solicitantes, a requirimento do Servizo Animación Sociocultural, disporán dun prazo improrrogábel de dez (10) días para completar a documentación ou os defectos materiais e formais que se aprecien, con apercibimento de que, se así non o fixesen, se lles tería por desestimada da súa petición previa resolución ditada nos termos previstos nos artigos 42 e 71 da Lei 30/1992.

3.- Rematada a instrución do expediente, este será remitido á Comisión de Avaliación, integrada polo concelleiro delegado da Área de Cultura e Animación Sociocultural que actuará como presidente, e dous vocais designados entre o persoal técnico do Concello (o xefe e un técnico/a do servizo de Animación Sociocultural), un deles fará as funcións de Secretario/a.

4.- A valoración individual das subvencións determinarase procedendo primeiro á exclusión das solicitudes a que se refire a base sétima e valorando as restantes solicitudes conforme ao establecido na base oitava.

5.- Prazo de resolución e notificación:

O prazo máximo de resolución das solicitudes e notificación ás persoas ou entidades solicitantes é de seis meses contados a partir da publicación da convocatoria, e notificaranse tanto as subvencións concedidas como as denegadas.

A resolución de solicitudes de subvención será competencia da Xunta de Goberno Local, á proposta do Órgano Instrutor.

Unha vez notificado o acordo de concesión, e de non existir escrito de renuncia polo beneficiario no prazo de 10 días contados dende a recepción da notificación, entenderase que a subvención foi aceptada.

Contra a resolución poderá interpoñer recurso de reposición perante o órgano que a ditou no prazo dun mes, ou recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-administrativo nos supostos previstos no artigo 8 da Lei 29/1998, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses; ambos os dous prazos contados desde o día seguinte ao da recepción da notificación da resolución.

Décimo primeira.- OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS

a) Cumprir todas as estipulacións establecidas nestas bases e no marco xurídico definido na Lei de Galicia 9/2007, Lei 38/2003 e demais normativa de desenvolvemento desta última.

b) Solicitar e dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.

c) Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e todos os demais gastos derivados da realización das actividades para as que se solicita a subvención.

d) Comunicar calquera eventualidade, no momento en que se produza, na programación, desenvolvemento ou finalización de actividade subvencionada.

e) Informar e publicitar as actividades subvencionadas e financiamento municipal, incorporando o logotipo da Concellería de Cultura e Animación Sociocultural, nos materiais impresos (carteis, folletos, follas informativas...), placas conmemorativas, medios electrónicos ou audiovisuais, ou anuncios nos medios de comunicación escrita.

f) A lingua que se empregará, nos distintos soportes de difusión da actividade, será o galego dentro do ámbito territorial de Galicia; a Concellería de Animación Sociocultural estudará cal sería a lingua que empregará para a difusión noutros ámbitos territoriais. En todo caso, actuaríase conforme á Ordenanza de normalización lingüística do Concello de Vigo.

Décimo segunda.- COMPATIBILIDADE CON OUTRAS SUBVENCÍONS

A concesión de subvencións ao abeiro da presente convocatoria será compatíbel con outras outorgadas para a mesma finalidade por outras administracións públicas. En calquera caso o montante do financiamento obtido, por subvención ou outras fontes, non poderá resultar superior ao custo do programa subvencionado.

Décimo terceira.- XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO.

1.- Prazo de xustificación: unha vez rematado o programa e no prazo de tres meses a contar dende a finalización da actividade. Excepcionalmente, e a petición do beneficiario, poderase ampliar o prazo, por causas suficientemente motivadas.

2.- Cantidade a xustificar: O beneficiario terá que presentar facturas orixinais equivalentes ao importe concedido e ademais unha memoria económica xustificativa de gastos ata o 100% do orzamento do proxecto presentado.

3.- Sistema de xustificación: mediante a presentación a través do Rexistro Xeral do Concello, da seguinte documentación:

a) Solicitude de liquidación e memoria das actividades levadas a cabo para a execución do programa, segundo o modelo facilitado polo Concello (ANEXO III), que deberá incluír como mínimo os seguintes datos:

- Datos sobre os participantes na actividade: número de beneficiarios, perfil, etc.
- Explicación detallada do desenvolvemento da actividade.
- Memoria de prensa.
- Balance de gastos e ingresos correspondentes á execución do programa e desviacións con relación ao orzamento
- A memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas incluírá o seguinte:

a) Relación clasificada dos gastos con identificación do acredor e documento, número de factura, CIF/NIF, concepto facturado;

b) Acreditación do importe da subvención concedida mediante a presentación de facturas orixinais polo importe concedido. As facturas e demais documentos orixinais de valor probatorio equivalente terán que ser orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE; estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previas no RD 1496/2003, de 28 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Non será preciso que nos documentos xustificativos de pago conste de forma expresa que os pagos aos que os mesmos se refiren foron satisfeitos con anterioridade ao proceso de xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención. Se a beneficiaria solicitase a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e se o importe do xustificante se imputa exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

c) Declaración responsábel do cumprimento das obrigas tributarias e Seguridade Social, conforme ao réxime simplificado de acreditación previsto polo artigo 31.7. da Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia. En todo caso o Concello de Vigo, poderá recabar estes datos de oficio.

d) Relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiaron a actividade subvencionada con indicación do importe e procedencia.

e) Tres exemplares do material impreso de difusión realizados con motivo da actividade subvencionada; en caso de non terse editado ningún material publicitario, deberá indicarse este extremo.

4.- Pagamento da subvención: efectuarase mediante transferencia bancaria á conta corrente da persoa ou entidade declarada xunto a solicitude.

O pagamento non se levará a cabo se a persoa ou entidade beneficiaria tivese pendente de xustificar algunha subvención cun prazo de xustificación xa rematado.

5.- Procederá, por razóns xustificadas, o dereito ao cobro parcial e redución da subvención no caso da non execución dalgunha das actividades previstas no proxecto ou incumprimento dalgunha das obrigas do beneficiario. En caso de non xustificarse a totalidade do orzamento do proxecto, a subvención será minorada na mesma proporción. A resolución da redución das axudas será competencia do Concelleiro Delegado da Área de Cultura e Animación Sociocultural. Asemade, reducirase a subvención cando os gastos xustificadas fosen inferiores aos subvencionados, ou se obtivesen ingresos superiores aos previstos.

6.- Cando a natureza da subvención así o xustifique, poderán realizarse pagamentos a conta de forma fraccionada, que respondan ao ritmo de execución da acción subvencionada, aboando o equivalente á xustificación presentada.

Décimo cuarta.- COMPROBACIÓN DAS SUBVENCIONES.

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión desta será comprobada polo servizo de Animación Sociocultural. O xefe ou técnico/a do servizo emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada e a xustificación achegada.

Décimo quinta.- OBRIGA DE INFORMACIÓN.

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida polo servizo de Animación sociocultural e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencions.

Décimo sexta.- PERDIDA DO DEREITO AO COBRO, REVOGACIÓN, RENUNCIA, NULIDADE E REINTEGRO DAS SUBVENCIONES. REXIMEN DE INFRACCIONES E SANCIONES..

1.- Procede a revogación parcial ou total da subvención e a obriga do reintegro das cantidades percibidas, máis os correspondentes xuros de demora dende o momento do seu pago, sen menoscabo das sancions que, no seu caso, resulten esixíbeis no caso de:

a) Incumprimento por parte do/a beneficiario/a das subvencions de calquera das obrigas, requisitos, condicións e demais circunstancias que produciron o seu outorgamento; así como a variación da finalidade da actuación, a insuficiente xustificación do proxecto, ou obtención concorrente doutras axudas compatíbeis ou incompatíbeis dará lugar á revogación.

b) A non xustificación da subvención no prazo concedido.

2. O beneficiario poderá renunciar voluntariamente á subvención, reintegrando, no seu caso, o importe percibido, nas condicións que establece a normativa legal de aplicación. A renuncia soamente poderá admitirse no prazo de tres meses a contar dende a notificación definitiva do outorgamento da axuda, no caso contrario procederá a anulación por incumprimento, coa conseguinte esixencia das responsabilidades que dela se deriven.
3. Nulidade, reintegro, infraccions e sancions: Canto ás causas de nulidade e anulabilidade do acordo de concesión das axudas e de reintegro das mesmas estarase ao disposto no artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencions de Galicia.
4. Procederá o reintegro das cantidades percibidas, coa conseguinte esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, nos casos do artigo 33 LSG.

5. Canto ás infraccións e sancións en que poidan incorrer os beneficiarios destas axudas e procedemento para a súa imposición estarase ao disposto no IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.

Décimo sétima.- PUBLICIDADE DAS SUBVENCIÓNS CONCEDIDAS

As subvencións concedidas publicaranse no Boletín Oficial da Provincia, se o importe da subvención individualmente considerado supera os 3.000 euros, ou no taboleiro de anuncios da entidade local nos restantes casos. En ambos casos expresarase o beneficiario, a cantidade concedida e a finalidade da subvención.

Décimo oitava.-SEGUIMIENTO, CONTROL E INSPECCIÓN

O persoal técnico do servizo será o encargado do seguimento da execución da subvención, así como de certificar a adecuada xustificación da subvención, mediante a emisión dun informe que incorporará á conta xustificativa, no que se poña de manifesto expresamente o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade cos documentos xustificativos presentados.

Décimo novena.- TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL.

Os datos das solicitantes e os dos seus representantes serán incorporados aos ficheiros municipais. A finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión das subvencións obxecto das presentes bases reguladoras e convocatoria, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento o servizo de Animación Sociocultural.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o servizo de Animación Sociocultural.

Vixésima- NORMATIVA DE APLICACIÓN.

A presente convocatoria rexerese pola Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; os preceptos non básicos da Lei Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo para o ano 2009, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Vixésimo primeira.- DISPOSICIÓN FINAL

O Concello de Vigo quedará exento de calquera responsabilidade civil, mercantil, laboral ou calquera outra derivada das actuacións ás que están obrigadas as persoas ou entidades destinatarias das subvencións outorgadas.

3(402).- DAR CONTA DAS SENTENZAS E AUTOS REMITIDOS POR ASESORÍA XURÍDICA:

**A)SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE VIGO.
RC-A 551/10 P.A. DEMANDANTE: Dª MARIA DEL CARMEN VALENTINA**

SUAREZ GONZÁLEZ. OBXECTO: SANCIÓN DE TRÁFICO. ACEPTA O DESESTIMENTO DA DEMANDA. EXPTE. 6381/111.

B)SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE VIGO. RC-A 537/10 P.A. DEMANDANTE: D. MARIO GONZÁLEZ FERNÁNDEZ. OBXECTO: SANCIÓN DE TRÁFICO. ACEPTA O DESESTIMENTO DO DEMANDADO. EXPTE. 6370/111.

C)SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE VIGO. RC-A 489/10 P.A. DEMANDANTE: D. LUIS RODRÍGUEZ-CADARSO DE LA PEÑA. OBXECTO: INEXECUCIÓN DE RESOLUCIÓN DO 2.11.05, RETRIBUCIÓNS COMO SECRETARIO DO T.E.A. DO CONCELLO DE VIGO. ESTA SENTENZA ESTIMA O RECURSO E CONDENA AO CONCELLO A EXECUTAR A CITADA RESOLUCIÓN. EXPTE. 6309/111.

D)SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO. RC-A 250/10 P.A. DEMANDANTE: D. FERNÁN COUTO ARAUJO. OBXECTO: DESESTIMACIÓN PRESUNTO DO ESCRITO DO 10.05.2010, SOBRE ACTUACIÓNS EXTRAMUNICIPAIS E INTRAMUNICIPAIS NO ÁMBITO PORTUARIO. ESTA SENTENZA ESTIMA PARCIALMENTE O RECURO. EXPTE. 6309/111.

E)SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE VIGO. RC-A 554/10 P.A. DEMANDANTE: Dª SARA MEIRIÑO PÉREZ. OBXECTO: SANCIÓN DE TRÁFICO. ESTA SENTENZA FIRME ESTIMA PARCIALMENTE O RECURSO. EXPTE. 6385/111.

F)SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO. RC-A 328/10 P.A. DEMANDANTE: D. CARLOS LUIS GONZÁLEZ ARMADA. OBXECTO: RESOLUCIÓN DO 6.10.2010, SANCIÓN DE TRÁFICO. ESTA SENTENZA FIRME DESESTIMA O RECURSO. EXPTE. 6374/111.

G)SENTENZA DO X. DE PRIMEIRA INSTANCIA Nº 2 DE VIGO. PROCIMENTO ORDINARIO 839/10. DEMANDANTE: Dª ANA IRIS HERMIDA PEREIRA. OBXECTO: ACCIÓN DECLARATIVA DE DOMINIO. ESTA SENTENZA ESTIMA A DEMANDA. EXPTE. 6116/111.

H)SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO. RC-A 277/10 P.A. DEMANDANTE: D. MARTÍN RIAL EIRAS. OBXECTO: XGL 18.05.2010 PROCEDIMENTO DISCIPLINARIO POLICÍA LOCAL. ESTA SENTENZA, QUE NON É FIRME AÍNDA, ESTIMA O RECURSO, DECLARA NULO O ACTO E ORDENA ARQUIVAR AS ACTUACIÓNS. EXPTE. 6318/111.

I)SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE VIGO. RC-A 528/10 P.A. DEMANDANTE: D. FRANCISCO RIAL ESTÉVEZ. OBXECTO: DESESTIMACIÓN PRESUNTA DE RECLAMACIÓN RETRIBUTIVA IMD. ESTA SENTENZA FIRME DESESTIMA O RECURSO. EXPTE. 6362/111.

L)SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE VIGO. RC-A 418/10 P.A. DEMANDANTE: GRUPO ALLAROT, S.L. OBXECTO: SANCIÓN POR CONTAMINACIÓN ACÚSTICA. ESTA SENTENZA FIRME DESESTIMA O RECURSO. EXPTE. 6217/111.

M)SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE VIGO. RC-A 18/11 P.A. DEMANDANTE: CONSULTING EMPRESARIAL PALLARES S.L. OBXECTO: RESOLUCIÓN PRESUNTA DE REPOSICIÓN CONTRA ACTO DA CONCELLERÍA DE COMERCIO. ESTA SENTENZA FIRME DESESTIMA O RECURSO. EXPTE. 6435/111.

N)SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO. RC-A 361/10 P.A. DEMANDANTE: D^a M^a NELLY GONZÁLEZ VALVERDE. OBXECTO: SANCIÓN DE TRÁFICO. ESTA SENTENZA FIRME DESESTIMA O RECURSO. EXPTE. 6309/111.

Ñ)SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO. RC-A 360/10 P.A. DEMANDANTE: D^a M^a NELLY GONZÁLEZ VALVERDE. OBXECTO: SANCIÓN DE TRÁFICO. ESTA SENTENZA FIRME ESTIMA O RECURSO. EXPTE. 6360/111.

O)SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE VIGO. RC-A 487/10 P.A. DEMANDANTE: D^a BEGOÑA COSTAS CERQUEIRO E OUTRO. OBXECTO: ACCIDENTE DE TRÁFICO. ESTA SENTENZA FIRME DESESTIMA O RECURSO. EXPTE. 6321-111

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido das devanditas sentenzas e autos.

4(403).- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN QUE CONTÉN O PREGO DE PRESCRIPCIÓNS TÉCNICAS PARTICULARES PARA A CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DO PROGRAMA INFANCIA E FAMILIA. EXPTE. 59058/301.

Examinadas as actuacións do expediente, de conformidade co informe-proposta do xefe da área de Benestar Social, de data 21-03-2011, conformado pola concelleira delegada da área de Benestar Social, co informe do titular da Asesoría Xurídica do 21.03.2011, e co informe

da xefa do servizo de Fiscalización do 24.03.2011, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

1º.- Aproba-lo expediente de contratación do programa de infancia e familia de Benestar Social, que contén o prego de prescricións técnicas particulares de 28 de decembro de 2010 e o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación de servizos por procedemento aberto de data 21 de febreiro de 2011

2º.- Aproba-lo gasto de 2.033,179,68 euros, para a contratación do programa de infancia e familia de Benestar Social, que se imputará á partida 2310.2260907 programa menores – convenio infancia. e súa bolsa de vinculación, non afectando ao normal funcionamento do departamento, e de acordo coa seguinte distribución:

ano 2011: 296.505,37€
ano 2012: 508.294,92€
ano 2013: 508.294,92€
ano 2014: 508.294,92€
ano 2015: 211.789,55€

3º Abri-lo procedemento de licitación na forma legalmente prevista.

5(404).- DAR CONTA DO DECRETO DE AMPLIACIÓN DO PRAZO PARA RESOLUCIÓN DO PROCEDEMENTO ADMINISTRATIVO DE RECUPERACIÓN POSESORIA DE ZONA PORTICADA EN R/COUTO S. HONORATO Nº 10. EXPTE. 19048/240.

Dáse conta do decreto do concelleiro de Xestión Municipal, de data 7.03.2011, co dou fe do Titular do Órgano de Apoio á Xunta de Goberno Local, que a continuación se transcribe:

“Por Resolución do Concelleiro Delegado de Patrimonio de data 19 de outubro do 2010 resolveuse incoar expediente de recuperación de oficio da posesión municipal da zona porticada sita a nivel de planta baixa no edificio nº 10 da rúa Couto de San Honorato, dunha superficie de 651,22 m², pola súa ocupación mediante a realización dun peche ao longo de todo o seu perímetro pola COMUNIDADE DE PROPIETARIOS do Edificio nº 10 da rúa Couto de San Honorato.

Resolución notificada ao interesado en data 30.12.2010, atopándose na actualidade a súa tramitación concluída na fase instrutora coa emisión polo servizo da proposta resolutoria do procedemento, e pendente do seu sometemento a Xunta de Goberno Local para coñecemento e adopción do acordo que proceda.

A teor do prazo regulamentario previsto para a instrución e resolución destes procedementos administrativos, e tendo en conta que órgano competente para pronunciarse sobre o acordo resolutorio, ten establecida as sesións ordinarias con periodicidade semanal, resulta necesario acordar a ampliación do prazo regulamentario dos tres meses por un novo polo período máximo admitido de

mes e medio, de acordo co disposto no art.49.1 da Lei 30/92 de 26 de novembro do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

Polo exposto e en uso das facultades que me confire a lexislación vixente,

RESOLVO:

“1º.- Ampliar en un mes e 15 días o prazo para a resolución do procedemento administrativo de recuperación posesoria da zona porticada sita a nivel de planta baixa no edificio nº 10 da rúa Couto de San Honorato, incoado por Resolución do Concelleiro Delegado de Patrimonio de 19/10/2010.

2º.- Notificar a presente resolución á COMUNIDADE DE PROPIETARIOS do Edificio nº 10 da rúa Couto de San Honorato,

3º.- Dar traslado da presente a vindeira sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local.”

A Xunta de Goberno Local queda enterada.

6(405).- ADXUDICACIÓN DA REVISIÓN E ACTUALIZACIÓN DO INVENTARIO MUNICIPAL. EXPTE. 18994/240.

Examinadas as actuacións do expediente, de conformidade co informe-proposta do secretario da Mesa de Contratación, de data 10-03-2011, e co informe da técnico de Fiscalización e Control Financeiro do 25.03.2011, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

“Adxudicar á mercantil PROINTEC,S.A. o procedemento NEGOCIADO CON PUBLICIDADE PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE COMPROBACIÓN, REVISIÓN, E ACTUALIZACIÓN DO INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS E DEREITOS, EXPTE. 18994/240, por un prezo total de 325.084,43 euros (IVE incluído).

Todo o anterior de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares e técnicas aprobado por acordo da Xunta de Goberno do concello de Vigo e a oferta presentada.”

7(406).- CONVALIDACIÓN DE GASTO A LINORSA POLO SERVIZO DE LIMPEZA DE FEBREIRO 2011. EXPTE. 19157/240.

Examinadas as actuacións do expediente, de conformidade co informe-proposta da técnica de Admón. Especial, de data 15-03-2011, conformado polo concelleiro de Patrimonio, e co informe do Interventor Xeral do 24.03.2011, a Xunta de Goberno Local acorda:

Aboar en concepto de indemnización substitutiva a empresa Limpiezas del Noroeste S.A., en concepto de indemnización substitutiva, polo servizo de limpeza en centros municipais perante o mes de febreiro de 2011, a cantidade de 168.099,27euros, que se imputarán a partida presupostaria 9220.2270000.

8(407).- DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS:

A) HPC IBÉRICA. EXPTE. 3582/241.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe do xefe da oficina administrativa de Contratación, do 24.03.11, a Xunta de Goberno local acorda:

Devolver a HPC IBÉRICA, S.A. a fianza de 1.000,32 € constituída para responder da concesión da subministración de xogos para parques infantís xa que foron recibidos mediante acta de 17.12.2009, conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía.

B) FUJITSU, S.A. EXPTE. 3575/241.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe do xefe da oficina administrativa de Contratación, do 24.03.11, a Xunta de Goberno local acorda:

Devolver a FUJITSU, S.A. a fianza de 1.972€ constituída para responder da contratación de docente TIC para o proxecto Vigo Dixital xa que o servizo foi prestado conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía.

9(408).- PROXECTO DE SEGURIDADE E SAÚDE DA OBRA “PARQUE BIOSALUDABLE NO ENTORNO DA PRAIA DA PUNTA” REALIZADO POLA EMPRESA EXTRACO, CONTRUCCIONES E PROXECTOS, S.A., AO ABEIRO DO PROXECTO DE REXENERACIÓN URBANA DO BARRIO DE TEIS. EXPTE. 8124/77.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe da técnica administrativa do Proxecto Rexeneración Urbana de Teis, do 29.03.11, conformado polo concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá, a Xunta de Goberno local acorda:

1.- Aprobación do proxecto de seguridade e saúde da obra “Parque Biosaludable no entorno da Praia da Punta” realizado pola empresa EXTRACO, CONTRUCCIONES E PROXECTOS, S.A. ao abeiro do proxecto Rexeneración Urbana do Barrio de Teis, para o inicio das obras.

2.- Nomear como coordinadora de seguridade e saúde da obra “Parque Biosaludable no entorno da Praia da Punta” a Dna. Nancy C. Rodriguez Padrón.

10(409).- OCUPACIÓN PROVISIONAL DA VIVENDA IDENTIFICADA CO NÚMERO F-00473-C-006 POR PERÍODO MÁXIMO DE 6 MESES. EXPTE. 4912/224.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe da xefa do servizo de Igualdade, do 30.03.11, conformado pola concelleira delegada de Igualdade, a Xunta de Goberno local acorda:

“Autorizar a cesión temporal da vivenda municipal identificada no Rexistro de entidades prestadoras de servizos sociais co número F-00473-C-006 atendendo ás circunstancias que obran no expediente 4912/224, por un período máximo de 6 meses, a contar desde o 7 de abril de 2011, transcorridos os cales a unidade familiar deberá abandonar a vivenda, agás se xustifique a necesidade de prórroga polos servizos municipais de atención á muller”

11(410).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA A FAVOR DE LONGO ANSA Y ASOCIADOS, S.L. EXPTE. 1642/500.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe da adxunta á directora de Ingresos, do 16.03.11, conformado pola concelleira delegada de Economía e Facenda, e co informe do Interventor Xeral do 25.03.2011, a Xunta de Goberno local acorda:

- 1) Aprobar indemnización substitutiva de gastos, de conformidade coa Base 28 de Execución de Presuposto de 2011, por importe de 24.719,06 € a favor da empresa Longo, Ansa e Asociados SL con CIF B33473489 polos servizos de tramitación de 220 unidades urbanas de documentos 902 en parcelas de ata 10 u/u, tramitación de 149 unidades urbanas de documentos 902 en parcelas de máis de 10 u/u, 251 unidades urbanas de documentos 901 sen requirimento e 297 unidades urbanas de documentos 901 con requirimentos
- 2) Recoñecer a obriga a favor da empresa Longo Ansa y Asociados SL por un importe de 24.719,06 € consecuencia da factura nº 1130023 de data 15 de marzo de 2011 con cargo á partida 9310.2279.902.

12(411).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTORIA A FAVOR DE ASOCIACIÓN PROFESIONAL DE EMPRESARIOS AUTÓNOMOS DO MERCADO DO PROGRESO POLOS SERVICIOS PRESTADOS NO MERCADO. EXPTE. 5287/551.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do interventor técnico no Mercado do Progreso, do 18.03.11, conformado polo concelleiro delegado de Industria, Turismo, Comercio e Cascos Históricos, e co informe do Interventor Xeral do 24.03.2011, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Convalidar as actuacións municipais e a disposición do gasto e prestar aprobación á indemnización substitutoria a favor de ASOCIACIÓN PROFESIONAL DE EMPRESARIOS AUTÓNOMOS DO MERCADO DO PROGRESO, CIF G-36664027, na contía de 21.234,10 €, correspondentes ós servizos prestados no Mercado do Progreso en relación coa factura que se cita.

2º.- De conformidade coas Bases de execución orzamentaria para o ano 2011, recoñecer a obriga do gasto a favor do acredor ASOCIACIÓN PROFESIONAL DE EMPRESARIOS AUTÓNOMOS DO MERCADO DO PROGRESO, CIF G-36664027 , polo importe de 21.234,10 €, correspondentes á factura seguinte:

exped fact	estado fact	nº fact	data fact	fact base	fact ive	fact total
5288/5 51	V	03 11	01/03/11	17.995,00 €	3.239,10 €	21.234,10 €

3º.- Ordenar o pago a favor de ASOCIACIÓN PROFESIONAL DE EMPRESARIOS AUTÓNOMOS DO MERCADO DO PROGRESO, CIF G-36664027, polo devandito importe de 21.234,10 € con cargo ao crédito dispoñible na partida 4310.227.99.11 “Gastos Funcionamento do Mercado do Progreso” do orzamento vixente.

13(412).- BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA ESPECÍFICA PARA AS SUBVENCIONS E ASOCIACIONES E ORGANIZACIONES SEN ANIMO DE LUCRO PARA A REALIZACION DE ACTIVIDADES DE DINAMIZACION E FOMENTO DO COÑECEMENTO E USO DA LINGUA GALEGA NO SECTOR ASOCIATIVO DURANTE O ANO 2011. EXPTE. 1220/334.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta da técnica do SNL, do 10.03.11, conformado pola concelleira delegada de Xuventude, Igualdade e Normalización Lingüística, co informe do letrado asesor do 7.03.2011, e co informe da xefa do servizo de Fiscalización do 24.03.2011, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

- "1.- Aprobar as bases reguladoras e a convocatoria específica para as subvencións a asociacións e organizacións sen ánimo de lucro para a realización de actividades de dinamización e fomento do coñecemento e uso da lingua galega no sector asociativo durante o ano 2011.
- 2.- Autorizar un gasto por un importe de 12.000,00 €, con cargo á partida 1692.489.00.00 do vixente presuposto para o ano 2011, para atender as solicitudes presentadas ao abeiro desta convocatoria."

BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA ESPECÍFICA PARA AS SUBVENCIONS A ASOCIACIONES E ORGANIZACIONES SEN ANIMO DE LUCRO PARA A REALIZACION DE ACTIVIDADES DE DINAMIZACION E FOMENTO DO COÑECEMENTO E USO DA LINGUA GALEGA NO SECTOR ASOCIATIVO DURANTE O ANO 2011

O Estatuto de Autonomía de Galicia no seu artigo 5.3 expresa que os poderes públicos de Galicia potenciarán o emprego do galego en todos os planos da vida pública, cultural e informativa. O art. 25 da *Lei de normalización lingüística* de 1983 fai fincapé Xeral de *Normalización da Lingua Galega* (aprobado por unanimidade no Parlamento de Galicia en setembro de 2004) recolle, igualmente, a obriga das administracións de fomentar o uso do galego. Para o sector social establece como obxectivos concienciar as asociacións e

colectivos sociais da pertinencia e necesidade de utilizar a lingua galega nas súas actividades, e asemade seren axentes de promoción da lingua. *O Plan de Dinamización da Lingua Galega*, aprobado por unanimidade desta Corporación viguesa no ano 2007 establece directrices estratéxicas cara a acadar a progresiva normalización do galego neste sector, dentro das cales salientamos a implicación do tecido asociativo no proceso de normalización. Cara a acadar este obxectivo estamos a desenvolver unha acción conxunta que permita fomentar a presenza da lingua galega e sensibilizar a estrutura asociativa do sector para o deseño de accións de promoción do galego. Dentro das accións establecidas enmárcanse estas subvencións para entidades sen ánimo de lucro.

En relación cos proxectos encamiñados ao fomento e promoción da lingua galega nas entidades sen ánimo de lucro da cidade de Vigo, os vixentes orzamentos do Concello de Vigo para o ano 2011 consignan, na partida orzamentaria 1692.489.00.00 “subvencións organizacións e asociacións”, un crédito por un importe total de 12.000,00 € (doce mil euros); crédito orzamentario, que o Concello de Vigo a través da Concellería de Normalización Lingüística destina a colaborar no financiamento de actividades de dinamización e fomento do coñecemento e uso da lingua galega durante o ano 2011.

A lexislación aplicable, para esta convocatoria específica de subvencións, é a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións, a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral da subvencións, o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, as Bases de execución do orzamento do Concello de Vigo para o ano 2011, así como as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

A concesión destas subvencións efectuarase baixo os principios de publicidade, concorrencia e obxectividade.

As bases e convocatoria que seguen teñen por obxecto regular a concesión destas subvencións e iniciar o procedemento para a dita concesión.

PRIMEIRA.- OBXECTO DA SUBVENCIÓN

O obxecto das subvencións as que se refiren estas bases e convocatoria é contribuír a financiar as actuacións cuxa finalidade principal é estender o uso social da lingua galega no sector asociativo no ámbito territorial do Concello de Vigo.

SEGUNDA.- GASTOS SUBVENCIONABLES E NON SUBVENCIONABLES

1 Serán **gastos subvencionables** os que, de xeito indubidable, corresponden aos ocasionados pola participación ou organización de actividades cuxa finalidade principal é introducir e/ou estender o uso, no sector asociativo, da lingua galega no ámbito territorial do Concello de Vigo.

2. Serán **obxectos subvencionables** aqueles incluídos nalgunha destas categorías:

- Accións encamiñadas a fomentar o coñecemento e uso do galego no seu ámbito de actuación: charlas, encontros, seminarios, cursos...
- Accións dinamizadoras do uso da lingua galega no seu ámbito de actuación.

3. **Non serán proxectos subvencionables** aqueles que:

- Dupliquen as actividades organizadas polo propio Servizo de Normalización Lingüística.
- Dupliquen os servizos ou actividades doutras administracións públicas ou mesmo privadas.
- Inclúan no seu orzamento de gastos o mantemento ordinario da entidade solicitante, malia poderen incluír gastos de persoal contratado para un programa específico.
- Supoñan actividades que teñan unha canle específica de subvención por parte doutros departamentos/áreas do Concello e/ou doutras entidades e administracións (Xunta, Deputación...).
- Teñan suscrito, para a mesma finalidade, un convenio de colaboración ou contratación de servizos co Concello de Vigo, ou dispoñan de axuda doutras áreas do Concello de Vigo.
- Aquelas de carácter político e doutrinal de signo partidario e/ou confesional ou incorran en calquera causa de inconstitucionalidade.

- Aquelas que en consideración ao proxecto non reúnen as condicións mínimas de interese xeral e non obteñan unha valoración global mínima de 10 puntos en total, xa que de non chegar a esta puntuación indicaría unha mala definición do proxecto ou que a materia non se axusta aos obxectivos da convocatoria.

TERCEIRA.- CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO

A cantidade máxima destinada a estas subvencións será a de 12.000,00 euros (doce mil euros) que se farán efectivas con cargo á partida orzamentaria para 2011; 1692.489.00.00 “subvencións organizacións e asociacións”.

O importe total da subvención non poderá superar os 3.000,00 € por entidade, nin o importe total da actividade subvencionada.

CUARTA.- COMPATIBILIDADE DA SUBVENCIÓN

Estas subvencións serán compatibles con calquera outra subvención ou axuda, para a mesma finalidade, procedente de calquera outra administración ou de entes públicos, estatais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

Coa solicitude da subvención achegarse declaración responsable de ter solicitado ou obtido, para esta actuación, axuda económica doutra administración ou ente público.

Se non fose solicitada ou non se obtivese axuda económica deberá, tamén, achegarse declaración responsable neste sentido.

Se no transcurso do período de solicitude ou proceso administrativo do SNL, para o outorgamento destas subvencións, se coñecese que foi concedida subvención por outro organismo, a entidade solicitante deberá comunicarllo ao SNL, con indicación da cantidade outorgada, se fose coñecida. En todo caso, esta comunicación deberá efectuarse con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

En todo caso, estarase ao disposto no artigo 33 do R.d. 887/2006, do 21 de xuño, polo que aproba o Regulamento da lei xeral de subvencións.

QUINTA. - REQUISITOS PARA SOLICITAR SUBVENCIÓNS

1. Poderán solicitar e obter estas axudas as entidades sen ánimo de lucro que estean inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións.

2. As entidades solicitantes deberán reunir os requisitos establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e non estar incursas en prohibición, para ser beneficiaria da subvención, das previstas no dito artigo, para o que se lles esixirá unha declaración de non estar incursas nas prohibicións que recollen os apartados 2 e 3 do citado artigo 10.

3. As entidades solicitantes deberán acreditar que se atopan ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, mediante a presentación das certificacións ás que se refire o artigo 22 do R.d. 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei xeral de subvencións.

4. Igualmente, deberán acreditar que se atopan ao corrente das súas obrigas co Concello de Vigo, para o cal se entendera que, a entidade solicitante, ao presentar a solicitude de subvención, autoriza á comisión avaliadora para solicitar de oficio os datos e a documentación acreditativa de tal extremo aos departamentos administrativos responsables.

SEXTA.- OBRIGAS DAS ENTIDADES BENEFICIARIAS

Serán obrigas das entidades beneficiarias das subvencións, ademais das previstas nestas bases e convocatoria e das sinaladas no artigo 11 da Lei de subvencións de Galicia, as que seguen:

1º.-Realizar a actividade subvencionada consonte co proxecto presentado coa solicitude.

2º.-Responder da veracidade dos datos da solicitude, baixo a persoal responsabilidade da persoa que subscriba a solicitude.

3º.-Incluír o logo do SNL, e deixar constancia na publicidade, actuacións, material... que é unha acción subvencionada por este servizo.

4º.-Utilizar unha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión das súas actividades.

5º.-En relación coa muller, utilizar imaxes non estereotipadas, que visibilicen a achega das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.

6º.-Demostrar o seu compromiso con este programa, encamiñados a acadar a normalización do idioma na súa actividade.

_Velar polo compromiso na utilización dunha linguaxe e imaxe igualitaria e non sexista na execución do programa.

_Ter como ámbito de actuación parte ou a totalidade do termo municipal.

_Que o conxunto de actividades para o que se solicita subvención, se leve a cabo no ano da convocatoria e a súa execución non supere o 30 de novembro do correspondente exercicio económico da convocatoria.

_Presentar a solicitude dentro do prazo estipulado na convocatoria.

_Acadar unha valoración global mínima de 10 puntos en total, xa que de non chegar a esta puntuación indicaría unha mala definición do proxecto ou que a materia non se axusta aos obxectivos da convocatoria.

_Estar inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións.

SÉTIMA.- CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN

Para efectuar as propostas de concesión das subvencións, a comisión avaliadora terá en conta os seguintes criterios e baremos de puntuación sobre un máximo de 20 puntos:

A cada proxecto outorgaráselle puntuación por cada un dos apartados seguintes:

_Calidade das actuacións e adecuación nos obxectivos determinados na cláusula segunda destas bases. Até un máximo de 4 puntos, consonte a seguinte puntuación

-calidade do proxecto: 0 a 2 puntos

-por recoller o proxecto os obxectivos determinados na cláusula segunda: 1 punto por cada obxectivo recollido até un máximo de 2 puntos

_Incidencia en ámbitos en que o galego está pouco presente, até un máximo de 5 puntos, consonte coa seguinte puntuación

-Ámbito de aplicación: 0-2 puntos (valoraranse aquelas actuacións que supoñan a apertura de novas canles de presenza da lingua galega no sector asociativo)

-Beneficiarios/as: 0-2 puntos

-Participación de voluntariado: 0-0,5 puntos

-Emprego das novas tecnoloxías da información e comunicación: 0-0,5 puntos

_Proxectos que poidan ser desenvolvidos ao longo do tempo: 0-2 puntos

_Proxectos que poidan ser extrapolados a outros ámbitos e sectores coas adaptacións precisas: 0-2 puntos

_Difusión social do proxecto até un máximo de 5 puntos consonte coa seguinte puntuación

-Material publicitario: 0-1 puntos

-Material informativo: 0-1 puntos

-Material formativo: 0-2 puntos

-Outros: 0-1 puntos

_Compromiso coa igualdade, até un máximo de 2 puntos, consonte coa seguinte puntuación

-Utilización de linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para difusión da acción: 0-1 puntos

-Adaptación a outros sistemas comunicativos (lingua de signos, para persoas cegas...): 0-1 puntos

O total do orzamento adicado ás axudas, dividido entre o número total de puntos adxudicados aos proxectos subvencionables, fixará o valor de cada punto. O valor equivalente a un punto, multiplicado polos puntos de cada proxecto, determinará a contía da subvención outorgada.

OITAVA.- CONTÍA INDIVIDUALIZADA DAS SUBVENCIONS

O importe total máximo destinado a estas subvencións distribuirase entre todas as entidades sen ánimo de lucro que, por reunir os requisitos esixidos nestas bases para ser beneficiaria, sexan admitidas a participar no procedemento de concesión das subvencións, en función da puntuación acadada no proceso de avaliación que se realizará en función dos criterios previstos no apartado anterior.

A contía individualizada da subvención non superará o 100% dos gastos vinculados ao proxecto subvencionado nin superará os 3.000,00 € por entidade subvencionada, cuantificados na forma que se fixa para a súa xustificación na base décimo sétima.

NOVENA.- COMISIÓN DE AVALIACIÓN

A Comisión de avaliación estará formada pola concelleira de Normalización Lingüística, como presidenta, e dous vogais, a xefa do servizo e un/ha funcionario/a que fará o labor de secretario/a, con voz e voto.

Os datos para puntuar corresponderán ás actividades do ano 2011.

DÉCIMA.- PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DAS SUBVENCIONS

O procedemento para a concesión destas subvencións será o de concorrencia competitiva, que se iniciará de oficio tras a aprobación destas bases e convocatoria pola Xunta de Goberno Local.

DÉCIMO PRIMEIRA.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES

O prazo para presentar as solicitudes será de vinte días naturais, contados dende o día seguinte á publicación destas bases no *Boletín Oficial da Provincia*.

DÉCIMO SEGUNDA.- SOLICITUDE E DOCUMENTACIÓN

Coa solicitude, segundo o modelo que figura como anexo I do expediente, deberase achegar ademais a documentación esixida nestas bases e convocatoria, segundo os modelos, no seu caso, que figuran nos demais anexos ao dito expediente.

A instancia de solicitude será asinada pola persoa que representa legalmente a entidade peticionaria e presentarse no Rexistro Xeral do Concello de Vigo ou por algún dos procedementos previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992 de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Á instancia de solicitude deberá achegárselle a seguinte documentación.

11. Modelos e certificados de solicitude correspondentes aos anexos II, III e IV de solicitude da subvención:

Anexo II	Declaración responsable da persoa solicitante
Anexo III	Orzamento da actuación
Anexo IV	Ficha resume da actuación

- l) Certificado orixinal da titularidade da conta bancaria a favor da entidade solicitante.
- m) Fotocopia do código de identificación fiscal da entidade solicitante.
- n) Declaración responsable na que se indique as subvencións solicitadas, para o mesmo fin, a outras administracións e entidades.
- o) Declaración da ou do secretario da entidade no que conste quen ten a condición de representante legal da entidade.

DÉCIMO TERCEIRA.- CORRECCIÓN DA SOLICITUDE

Consonte co establecido no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, se a documentación achegada fose incompleta ou non reunise os requisitos esixidos nesta convocatoria, a entidade solicitante será requirida para que complete a documentación ou amañe o erro no prazo de 10 días hábiles, contados a partir da recepción da notificación, coa advertencia de que, de non o fixer, se terá por desistida a súa solicitude e arquivarase o expediente.

DECIMO CUARTA.- PUBLICIDADE

Publicidade da convocatoria e das bases reguladoras da concesión das axudas

Esta convocatoria, coas bases reguladoras da concesión das axudas, será publicada no correspondente diario oficial, anunciada na prensa local (anuncio institucional do venres) con referencia ao boletín oficial no que aparece publicada, e na paxina web www.vigo.org e snl.vigo.org, unha vez aprobada pola Xunta de Goberno Local.

Publicidade das subvencións concedidas

As axudas que se concedan ao abeiro destas bases e convocatoria serán publicadas na páxina web www.vigo.org e snl.vigo.org e exposto no taboleiro de anuncios do Concello.

Esta convocatoria e as súas bases reguladoras, así como o modelo de solicitude e demais modelos normalizados que constitúen os seus anexos, necesarios para a demanda destas axudas, facilitaranse na Oficina de Información do Concello de Vigo, nas oficinas da Concillería de Normalización Lingüística e na propia paxina web do Concello de Vigo.

Publicidade do financiamento público

As entidades beneficiarias das subvencións, obxecto desta convocatoria, deberán empregar o distintivo do Concello de Vigo en todas as actividades e comunicacións que promovan e en todas as publicacións, carteis, rótulos e demais elementos de difusión ou publicidade será indispensable mencionar á “Concillería de Normalización Lingüística do Concello de Vigo”.

DÉCIMO QUINTA.- ÓRGANOS COMPETENTES PARA A INSTRUCCIÓN E RESOLUCIÓN DO PROCEDEMENTO E PRAZO PARA A NOTIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN

A Concellería de Normalización Lingüística será a encargada da instrución do procedemento de concesión das subvencións. A súa avaliación realizarase por unha Comisión de Valoración composta pola concelleira de Normalización Lingüística, a xefa do Servizo de Normalización Lingüística e un/ha funcionario/a da mesma área que actuará como secretario/a.

A Comisión Avaliadora, a través da Concellería de Normalización Lingüística, como órgano instrutor, formulará proposta de concesión das subvencións á Xunta de Goberno Local consonte á avaliación realizada.

O expediente de concesión das subvencións conterá o informe do órgano instrutor no que ha constar a súa conformidade verbo do cumprimento por parte das beneficiarias dos requisitos precisos para acceder a estas.

A Xunta de Goberno Local será o órgano competente para conceder ou denegar as axudas. O prazo para a instrución e resolución do expediente será de tres meses, como máximo, desde o último día de prazo de presentación das solicitudes no Rexistro Xeral do Concello e a súa resolución notificaráselles ás entidades solicitantes no prazo de dez días a partir da súa data, de acordo co previsto no artigo 58 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

A resolución da Xunta de Goberno Local, sobre concesión das axudas, esgota a vía administrativa e contra esta poderá interpoñerse recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes, que conta dende o día seguinte ao da súa notificación, ou ben, directamente recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de dous meses desde o seguinte ao da notificación, de acordo co artigo 116 da Lei 30/1992, do 26 de novembro e 8.1 e 46 da Lei reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Transcorrido o devandito prazo de tres meses sen que a Xunta de Goberno Local dite resolución expresa, entenderase que é desestimada a petición da axuda. Contra esta desestimación presunta poderá recorrerse en reposición no prazo de tres meses máis. Transcorrido este último prazo, unicamente, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, sen prexuízo, da procedencia do recurso extraordinario de revisión.

As entidades beneficiarias das axudas están obrigadas no prazo de dez días, contados dende o seguinte ao da notificación, a comunicar por escrito á Concellería de Normalización Lingüística a aceptación ou renuncia das axudas. Transcorrido este prazo sen manifestación expresa entenderase, tacitamente, aceptada.

DÉCIMO SEXTA.- SUBCONTRATACIÓN

As entidades beneficiarias non poderán subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

DÉCIMO SÉTIMA.- XUSTIFICACIÓN DAS SUBVENCIONS

As beneficiarias das subvencións deberán xustificar antes do 1 de decembro de 2011 o cumprimento das finalidades para as que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. Transcorrido este prazo perderase o dereito a percibir a subvención. Porén, trala aprobación por parte da Xunta de Goberno Local, o prazo sinalado para a xustificación poderá ser ampliado para as beneficiarias que o soliciten antes do dito día 1 de decembro, se concorresen causas que o xustifiquen.

Para a xustificación da subvención as entidades beneficiarias deberán achegar:

- Memoria de actuación xustificativa do cumprimento dos proxectos e actividades subvencionadas, tanto no aspecto normalizador da lingua como económico (incluíranse os datos referentes aos gastos e ingresos reais xerados pola actividade distribuídos por conceptos).
- Documentación, debidamente cuberta que figura no anexo V destas bases (modelos para a xustificación).
- Declaración de estar ao corrente das obrigas tributarias coas administracións.

- Xustificantes acreditativos dos gastos vinculados ao proxecto subvencionado polo total subvencionado, en relación co apartado ou apartados para o cal está destinada a axuda coas seguintes especificacións:
 - 1.º.- As facturas serán orixinais e deberán recoller o número de CIF, a data, o número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no do R.d. 1496/2003.
 - 2.º.- Importe xustificativo: terase en conta como importe xustificativo a base impoñible do importe das facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente que se presenten como xustificación, excepto que se acredite debidamente, mediante certificado da Axencia Tributaria, que a entidade está exenta de IVE.
 - 3.º.- Nos documentos xustificativos dos gastos incorridos non será necesario que conste de forma expresa se estes foron pagados con anterioridade ao proceso de xustificación.
 - 4.º.- Nas subvencións concedidas a entidades dependentes ou vinculadas á Universidade, a xustificación poderá consistir na certificación da Intervención ou órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida.
 - 5.º.- Se a beneficiaria solicitase a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención estampillará a factura orixinal, com indicación no estampillado do motivo da subvención e se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á subvención recibida. Neste caso indicarse o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado incorporarse ao expediente e a área xestora da subvención devolverá o orixinal.
- Calquera outra documentación que lle sexa solicitada polo Concello, en relación coa xustificación da subvención.

DÉCIMO OITAVA.- COMPROBACIÓN DAS SUBVENCIÓNS

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención, será comprobada polos servizos da Concellería de Normalización Lingüística. A xefa do Servizo de Normalización Lingüística emitirá informe ao respecto no que constarán, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada e a xustificación achegada.

DECIMO NOVENA.- OBRIGA DE INFORMACIÓN

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Normalización Lingüística e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

VIXÉSIMA.- PAGAMENTO

O pagamento da subvención terá lugar logo de que a beneficiaria xustifique a realización da actividade para a que se lle concedeu a subvención.

Antes do pagamento da subvención, a beneficiaria deberá acreditar estar ao corrente no pago das súas obrigas fiscais e coa Seguridade Social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro. Poderá xustificalo por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do art. 31.7.e. da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

VIXÉSIMO PRIMEIRA.- PERDA DO DEREITO AO COBRO, NULIDADE E REINTEGRO DAS SUBVENCIÓNS. RÉXIME DE INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

Perda do dereito ao cobro

Dará lugar á perda do dereito ao cobro da subvención o incumprimento, por parte da beneficiaria da subvención, de calquera das obrigas previstas nestas bases reguladoras e convocatoria e, especialmente, as obrigas ás que se condiciona o pago único da subvención. O incumprimento dos requisitos, condicións e demais circunstancias que determinaron o outorgamento da subvención. A variación da finalidade da actuación; a falta de xustificación da subvención ou a insuficiencia desta. Á obtención concorrente doutras axudas, que determinarían o reintegro da municipal e a concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 33 da Lei de subvencións de Galicia.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e do seu orzamento, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá á perda do dereito á subvención ou o seu reintegro na mesma proporción. En todo caso procederá a redución da subvención, coa conseguinte perda do dereito ao cobro, ou, no seu caso o reintegro do exceso da subvención sobre o custe da actividade subvencionada.

A comunicación destas circunstancias ao concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Nulidade, reintegro, infraccións e sancións

En canto ás causas de nulidade e anulabilidade do acordo de concesión das axudas e do seu reintegro, estarase ao disposto no artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Reintegraranse as cantidades percibidas, coa conseguinte esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, nos casos do artigo 33 LSG.

En canto ás infraccións e sancións en que poidan incurrir as beneficiarias destas axudas e procedemento para a súa imposición estarase ao disposto no IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no R.d. 1398/1993, do 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

VIXÉSIMO SEGUNDA.- TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

Os datos das entidades solicitantes e os dos seus representantes serán incorporados aos ficheiros municipais. A finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión das subvencións obxecto destas bases reguladoras e convocatoria, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento; o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orde á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal. A Concellería de Normalización Lingüística será a esponsable do seu tratamento.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Normalización Lingüística do Concello de Vigo.

VIXÉSIMO TERCEIRA.- NORMATIVA DE APLICACIÓN

Esta convocatoria rexerese pola Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; os

preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real decreto 887/2006; as Bases de execución do orzamento do Concello de Vigo para o ano 2011, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

14(413).- AUTORIZAR O DESPRAZAMENTO A ATENAS-GRECIA DA FUNCIONARIA D^a MARTA SOUTO GONZÁLEZ, PARA PARTICIPAR NO ENCONTRO FORMATIVO DO PROXECTO “BOOKS 21”, SEGUNDO INVITACIÓN FEITA POLA ENTIDADE XANOBELA. EXPTE. 1249/334.

Examinadas as actuacións do expediente, de conformidade co informe-proposta da técnica do SNL, de data 24-03-2011, conformado pola concelleira delegada de Xuventude, Igualdade e Normalización Lingüística, e cos Rc de Intervención de data 25.03.2011, a Xunta de Goberno Local acorda:

1.- Autorizar o desprazamento a Atenas -Grecia- da funcionaria Marta Souto González (23840), desde o día 6 ao 10 de abril de 2011 para participar no Encontro formativo do proxecto "Books 21", segundo a invitación feita pola entidade Xandobela, representante de Galicia, ao Servizo de Normalización Lingüística do Concello de Vigo.

2.- Autorizar o gasto, que liberarase mediante nota de gastos a favor de Marta Souto González (36 054 893-R), segundo as seguintes contías: 250,00 € de manutención (partida 1692.230.20.00) e 150,00 € de desprazamentos (partida 1692.231.00.00).

15(414).- DEVOLUCIÓN DE FIANZA A EIRIÑA S.L. DUNHA PARTE DO ACOPIO DE MATERIAIS NA OBRA DE PI Y MARGALL (ENTRE PASEO DE ALFONSO XII E CHILE). EXPTE. 1907/443.

Examinadas as actuacións do expediente, de conformidade co informe-proposta do xefe da área de Servizos Xerais, de data 25-03-2011, a Xunta de Goberno Local acorda:

1. Proceder a devolución da fianza a **EIRIÑA, S.L.**, constituída na data reseñada, polo importe de :

BANCO	Nº DE OPERACION	IMPORTE
Caixanova	201000058190	57.384,27 €
Banco de Galicia (Popular)	201000058193	63.071,05 €

16(415).- DEVOLUCIÓN DE FIANZA A EIRIÑA S.L. DUNHA PARTE DO ACOPIO DE MATERIAIS NA OBRA DE PI Y MARGALL (ENTRE PASEO DE ALFONSO XII E CHILE). EXPTE. 1906/443.

Examinadas as actuacións do expediente, de conformidade co informe-proposta do xefe da área de Servizos Xerais, de data 25-03-2011, a Xunta de Goberno Local acorda:

1.Proceder a devolución da fianza a **EIRIÑA, S.L.**, constituída na data reseñada, polo importe de :

BANCO	Nº DE OPERACION	IMPORTE
Caixanova	201000058191	78.620,37 €

17(416).- PROXECTO MODIFICADO Nº 1, SEN INCREMENTO ECONÓMICO, DO PROXECTO DE RENOVACIÓN DO ALUMEADO PÚBLICO PARA O AFORRO ENERXÉTICO NO CASCO HISTÓRICO DE VIGO. EXPTE. 6134/307.

Examinadas as actuacións do expediente, de conformidade co informe-proposta da xefa de Patrimonio Histórico, de data 25-03-2011, conformado polo delegado da área de Patrimonio Histórico, a Xunta de Goberno Local acorda:

Aprobar o proxecto modificado nº 1, sen incremento económico, do proxecto de renovación do alumeado público para o aforro enerxético no Casco Histórico de Vigo.

18(417).- PROXECTO MODIFICADO Nº 1, SEN INCREMENTO ECONÓMICO, DO PROXECTO DE RENOVACIÓN DAS REDES DE SERVIZOS E AUGAS E ACTUACIÓNS DE CONSERVACIÓN DO ENTORNO DA COLEXIATA. EXPTE. 6133/307

Examinadas as actuacións do expediente, de conformidade co informe-proposta da xefa de Patrimonio Histórico, de data 25-03-2011, conformado polo delegado da área de Patrimonio Histórico, a Xunta de Goberno Local acorda:

Aprobar o proxecto modificado nº 1, sen incremento económico, do proxecto de renovación das redes de servizos de augas e actuacións de conservación do entorno da Colexiata.

19(418).- PROXECTO MODIFICADO Nº 1, SEN INCREMENTO ECONÓMICO, DO PROXECTO DE REHABILITACIÓN PARA A UBICACIÓN DUNHA PINACOTECA. EXPTE. 6132/307

Examinadas as actuacións do expediente, de conformidade co informe-proposta da xefa de Patrimonio Histórico, de data 25-03-2011, conformado polo delegado da área de Patrimonio Histórico, a Xunta de Goberno Local acorda:

- Aprobar o proxecto modificado nº 1, sen incremento económico, do proxecto para a ubicación dunha pinacoteca.

20(419).- COMPLEMENTO DE PRODUTIVIDADE POR TOXICIDADE DO PERSOAL DO PARQUE MOBIL CORRESPONDENTE AO MES DE FEBREIRO 2011. EXPTE. 21892/220.

Examinadas as actuacións do expediente, de conformidade co informe-proposta da técnico de Avaliación e Formación de Recursos Humanos, de data 16-03-2011, conformado pola xefa do servizo de Recursos Humanos, e co informe do técnico de Intervención do 24.03.2011, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

“Aboar, en concepto de complemento de produtividade por toxicidade polos servizos prestados nos vertedeiros incontrolados da Cidade, as cantidades que figuran na relación que se achega de don Florentino Prieto Domínguez, e que ascende a un total de 81’63 euros, correspondente ao mes de Febreiro de 2011 con cargo a partida presupostaria 922.0.150.00.00-PRODUCTIVIDADE”.

21(420).- COMPLEMENTO DE PRODUTIVIDADE DO PERSOAL DE CEMITERIOS POR XORNADA PARTIDA CORRESPONDENTE AO MES DE FEBREIRO 2011. EXPTE. 21893/220.

Examinadas as actuacións do expediente, de conformidade co informe-proposta da técnica de Avaliación e Formación de Recursos Humanos, de data 16-03-2011, conformado pola xefa do servizo de Recursos Humanos, e co informe do técnico de Intervención do 24.03.2011, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

“Recoñece-las obrigas que en concepto de complemento de produtividade de servizos prestados polo persoal do servizo Cemiterios, aboarase os traballadores que figuran na relación que se achega e que comeza por don Jesús Alfonso Paz e remata por don Delmiro Vilanova Acuña, as cantidades que figuran para cada un deles, correspondentes ao mes de Febreiro de 2011, e que ascenden a un total de 1.201’20 €, con cargo ao RC nº 40869 da partida presupostaria 922.0.150.00.00-PRODUCTIVIDADE”.

22(421).- GRATIFICACIÓN POR SERVICIOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS DO PERSOAL DO SERVIZO DE CEMITERIOS POR EXCESO DE XORNADA ANUAL CORRESPONDENTE AO MES DE FEBREIRO 2011. EXPTE. 21894/220.

Examinadas as actuacións do expediente, de conformidade co informe-proposta da técnica de Avaliación e Formación de Recursos Humanos, de data 16-03-2011, conformado pola xefa do servizo de Recursos Humanos, e co informe do técnico de Intervención do 24.03.2011, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

“Recoñece-las obrigas que polo concepto de gratificación por servizos especiais e extraordinarios en compensación ás horas en exceso realizadas durante o presente ano do persoal administrativo do Servizo de Cemiterios, aboaranse ós traballadores que figuran nas relacións que se achegan e que comezan por Don José Luis Hermida Rodríguez e remata por Don G. Manuel Rosende Rios, as cantidades que figuran para cada un deles correspondente ao mes de FEBREIRO-2011, e que ascenden a un total de 649'46 € (SEISCENTOS COARENTA E NOVE EUROS CON COARENTA E SEIS CÉNTIMOS), con cargo á partida presupostaria 121.10.151.00.00-Gratificacións”.

23(422).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS CONVOCANDO OS PROCESOS SELECTIVOS OEP 2008- BOE E BOP- (TERCEIRA TANDA). EXPTE. 21888/220.

Dáse conta das resolucións do concelleiro da área de Xestión Municipal, de data 10.03.2011, co dou fe do Titular do Órgano de Apoio da Xunta de Goberno Local, que se transcriben a continuación:

DECRETO

Tendo sido publicadas en data 17 de novembro do 2010 no Diario Oficial de Galicia as bases xerais e específicas reitoras dos procesos selectivos derivados da execución da Oferta de Emprego Público correspondente ao ano 2008, aprobadas por acordos da Xunta de Goberno Local de datas 28 de maio, 5 de agosto e 24 de setembro do 2010.

Considerando que a planificación na xestión dos recursos humanos ao servizo do Concello de Vigo demanda priorizar a provisión das seguintes prazas: Administrativo/a de Administración Xeral (3 oposición libre), Subalterno (11 oposición libre), Técnico Auxiliar de Seguridade (3 promoción interna), Programador Informática (1 oposición libre), Inspector/a Auxiliar de Medio Ambiente (1 oposición libre), Operador de Informática (1 oposición libre), , Oficial Conductor (5 oposición libre), Oficial Carpinteiro (1 oposición libre), Oficial Pavimentador (1 oposición libre), Oficial Electricista (1 oposición libre) e Oficial Sepultureiro (1 oposición libre), nos termos do previsto nas citadas bases, toda vez que as necesidades de efectivos de novo ingreso nos ditos Servizos así o demandan;

Considerando que a competencia para a aprobación das ofertas de emprego público e das bases das convocatorias de selección e provisión de postos de traballo corresponde á Xunta de Goberno Local, segundo o réxime de atribucións contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, Vistas as competencias que en canto á planificación, desenvolvemento e execución da política municipal en materia de persoal ostento por delegación do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, efectuada en Decreto de data 5 de xullo do 2007, e nos termos do preceptuado na Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público; Real Decreto 896/1991, do 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e programas mínimos aos que debe axustarse o procedemento de selección de funcionarios de

Administración Local; Decreto autonómico 95/1991, do 20 de marzo; Real Decreto 364/1995, do 10 de marzo –de aplicación supletoria no non previsto na anteriormente invocada norma- e normativa de concordante aplicación, pola presente

R E S O L V O

Primeiro.- Proceder á convocatoria dos procesos selectivos en execución da Oferta de Emprego Público correspondente ao ano 2008 en relación ás prazas seguintes:

a) Persoal funcionario:

- **Administrativo/a de Administración Xeral.** Número de prazas: 3. Escala Administración Xeral. Subescala Administrativa. Sistema de provisión: oposición libre.
- **Subalterno.** Número de prazas: 11. Escala Administración General. Subescala Subalterna. Sistema de provisión: oposición libre (resérvanse dúas para persoas con discapacidade igual ou superior ao 33%).
- **Técnico/a Auxiliar de Seguridade.** Número de prazas: 3. Escala Administración Especial. Subescala Servizos Especiais. Clase Cometidos Especiais. Sistema de provisión: promoción interna.
- **Programador/a de Informática.** Número de prazas: 1. Escala Administración Especial. Subescala Servizos Especiais. Clase Cometidos Especiais. Sistema de provisión: oposición libre.
- **Inspector/a Auxiliar Medio Ambiente.** Número de prazas: 1. Escala Administración Especial. Subescala Servizos Especiais. Clase Cometidos Especiais. Sistema de provisión: oposición libre.
- **Operador/a Informática.** Número de prazas: 1. Escala Administración Especial. Subescala Servizos Especiais. Clase Cometidos Especiais. Sistema de provisión: oposición libre.

b) Persoal laboral:

- **Oficial Conductor.** Número de prazas: 5. Sistema de provisión: oposición libre.
- **Oficial Carpinteiro.** Número de prazas: 1. Sistema de provisión: oposición libre.
- **Oficial Pavimentador.** Número de prazas: 1. Sistema de provisión: oposición libre.
- **Oficial Electricista.** Número de prazas: 1. Sistema de provisión: oposición libre.
- **Oficial Sepultureiro.** Número de prazas: 1. Sistema de provisión: oposición libre.

Segundo.- O prazo de presentación de solicitudes para tomar parte nas ditas convocatorias será de 20 días naturais, a partir do seguinte á publicación de anuncio contendo extracto da presente resolución no Boletín Oficial de Estado.

Os sucesivos anuncios referentes a estas convocatorias unicamente se farán públicos no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e no Taboleiro de Anuncios da Corporación, xuntamente coa páxina web municipal www.vigo.org

Terceiro.- Dar conta da presente á Xunta de Goberno Local para o seu coñecemento.”

Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que o ditou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1198, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

DECRETO

Sendo publicadas en data 17 de novembro de 2010 no Diario Oficial de Galicia as bases xerais e específicas reitoras dos procesos selectivos derivados da execución da Oferta de Emprego Público

correspondente ao ano 2008, aprobadas por acordos da Xunta de Goberno Local de datas 28 de maio, 5 de agosto e 24 de setembro de 2010.

Considerando que a planificación na xestión dos recursos humanos ao servizo do Concello de Vigo demanda priorizar a provisión das seguintes prazas laborais, por promoción interna: oficial condutor (1 praza), oficial pavimentador (1 praza) e oficial electricista (1 praza) nos termos do previsto nas citadas bases.

Considerando que a competencia para a aprobación das ofertas de emprego público e das bases das convocatorias de selección e provisión de postos de traballo corresponde á Xunta de Goberno Local, segundo o réxime de atribucións contemplado na Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, Vistas as competencias que en canto á planificación, desenvolvemento e execución da política municipal en materia de persoal ostento por delegación do Alcalde-Presidente, efectuada en Decreto de data 5 de xullo de 2007, e nos termos do preceptuado na Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público; Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e programas mínimos aos que debe axustarse o procedemento de selección de funcionarios de Administración Local; Decreto autonómico 95/1991, de 20 de marzo; Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo –de aplicación supletoria no non previsto na anteriormente invocada norma- e normativa de concordante aplicación, pola presente

R E S O L V O:

“Primeiro.- Proceder á convocatoria dos procesos selectivos en execución da Oferta de Emprego Público correspondente ao ano 2008 en relación ás seguintes prazas laborais:

- **Oficial Condutor.** Número de prazas 1. Sistema de provisión: promoción interna.
- **Oficial Pavimentador.** Número de prazas: 1. Sistema de provisión: promoción interna.
- **Oficial Electricista.** Número de prazas: 1. Sistema de provisión: promoción interna.

Segundo.- O prazo de presentación de solicitudes para tomar parte nas ditas convocatorias será de 20 días naturais, a partir do seguinte á publicación de anuncio contendo extracto da presente resolución no Boletín Oficial da Provincia.

Os sucesivos anuncios referentes a estas convocatorias unicamente faranse públicos no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e no Taboleiro de Editos da Corporación, xuntamente coa páxina web municipal **www.vigo.org**.

Terceiro.- Dar conta da presente á Xunta de Goberno Local para o seu coñecemento.”

Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que o ditou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

A Xunta de Goberno Local queda enterada.

24(423).- COMPLEMENTO DE PRODUTIVIDADE AO FUNCIONARIO ADSCRITO AO SERVIZO DE CEMITERIOS, D. JOSÉ LUIS HERMIDA RODRÍGUEZ. EXPTE. 21885/220.

Examinadas as actuacións do expediente, de conformidade co informe-proposta da técnica de Avaliación e Formación de Recursos Humanos, de data 3-03-2011, conformado pola xefa do servizo de Recursos Humanos, e co informe do técnico de Intervención do 23.03.2011, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

- Outorgar ao funcionario D. Jose Luis Hermida Rodriguez, con n de persoal 13570 polo especial rendemento, a actividade extraordinaria , o interese e iniciativa con que desempeñou as súas funcións ao longo do ano 2010, un complemento de produtividade por importe de 1700.00€.
- Aprobar e comprometer o gasto por importe total de 1700.00€ en concepto de produtividade a favor do funcionario anteriormente referenciada, con cargo á partida orzamentaria 922.0.1500000 “Produtividade” .

Dese traslado do presente acordo á interesada, Intervención Xeral e Comité de Persoal aos efectos oportunos, debendo expoñerse asemade no Taboleiro de Editos por un prazo de dez días para público coñecemento.”

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 meses dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.”

25(424).- BASES DO CONCURSO DE TRASLADOS CORRESPONDENTE AO ANO 2011. EXPTE. 21889/220.

Examinadas as actuacións do expediente, de conformidade co informe-proposta do técnico de Organización e Planificación de RR.HH., de data 24-03-2011, conformado pola xefa do servizo de Recursos Humanos, e co informe do técnico de Intervención do 25.03.2011, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a proposta contida nas seguintes bases:

ASUNTO: CONVOCATORIA E BASES RECTORAS DO CONCURSO DE TRASLADOS PARA A PROVISIÓN DE POSTOS DE TRABALLO E MOBILIDADE DO PERSOAL AO SERVIZO DO CONCELLO DE VIGO.

INFORME-PROPOSTA

O acordo regulador de condicións de traballo do persoal municipal, aprobado pola Corporación municipal en sesión do 28 de decembro de 1998, refírese no seu capítulo III á “Mobilidade do persoal”, marcando as pautas e trazando o camiño para a celebración dos concursos de traslados.

O artigo 101 da Lei 7/85, de Bases do Réxime Local remite á norma estatal básica e a autonómica de desenvolvemento daquela no que respecta a provisión de postos de traballo na Administración Pública, polo que as citadas previsións deben axustarse ó contemplado no Decreto legislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia. Tamén ó contemplado no Decreto 93/91, sobre provisión de postos de traballo, promoción profesional e promoción interna no que sexa compatible no Decreto legislativo 1/2008.

De conformidade coa dita lexislación resulta:

1.- Os postos de traballo adscritos a funcionarios proveranse de acordo cos seguintes procedementos:

Concurso.- Constitúe o sistema normal de provisión e postos de traballo. Nel teranse unicamente en conta os méritos esixidos na correspondente convocatoria, entre os que figurarán os adecuados ás características de cada posto de traballo, así como a posesión dun determinado grao persoal, a valoración do traballo desenvolvido, os cursos de formación e perfeccionamento superados que teñan relación cos postos de traballo que se van a cubrir e a antigüidade.

As persoas funcionarias deberan permanecer en cada posto de traballo de destino definitivo obtido por concurso un mínimo de dous anos para poderen participar nos concursos de provisión, a non ser por supresión do posto de traballo.

Anunciada a convocatoria, concederase un prazo de 10 días hábiles para a presentación de solicitudes.

Ademais a lei contempla outros dous sistemas que son a libre designación e o cambio de adscrición segundo o disposto no art. 7 do Decreto 93/91, do 20 de marzo da Xunta de Galicia.

2.- Nas convocatorias de Concurso deberán incluírse, en todo caso, os seguintes datos e circunstancias:

- Denominación, nivel e localización do posto.
- Requisitos indispensables para o seu desempeño,
- Baremo para puntuar os méritos,
- Puntuación mínima para a adxudicación das vacantes convocadas.

No que respecta á competencia para convocar e resolver os concursos, corresponde á Xunta de Goberno Local (art. 127.1, apartados g), h), sen prexuízo da superior da superior dirección do persoal que lle corresponde ao Alcalde (art. 124.4 i) da Lei 7/85).

No referente a postos a ofertar, proponse excluír os seguintes, polas razóns que en cada caso se indican:

- Os de funcionarios con habilitación de carácter nacional, xa que contan cunha normativa específica.
- Os de funcionarios de nivel de complemento de destino 26 ou superior, por acordala Corporación, en sesión do 26 de febreiro de 2001, que se cubran por libre designación.
- Os dos funcionarios dos Subgrupos A1 e A2 con nivel de complemento de destino inferior a 26 por considerarse na Relación de Postos de Traballo como postos de carácter non singularizado, figurando como forma de provisión o método de cambio de adscrición.

- Os que non sendo singularizados estean dotados coas retribucións complementarias mínimas do grupo de titulación ó que se adscriben, co fin de fomentar a mobilidade..
- Os que dependen da Alcaldía por figurar na relación de postos de traballo como de libre designación.
- Os postos singularizados que figuran adscritos ao Corpo da Policía Local, que unha vez reestruturado o Servizo, serán obxecto dunha convocatoria específica.

Así mesmo, propónse que este concurso se circunscriba exclusivamente ó persoal que teña a condición de funcionario municipal ou laboral no seu caso, calquera que sexa a situación na que se atope, excluindo ós suspensos firmes, xa que o seu obxecto é a redistribución dos efectivos con que conta a Corporación en función dos postos de traballo deseñados, ó igual que para a Xunta de Galicia autoriza a disposición transitoria décimo segunda da lei 4/1988, da Xunta de Galicia, conforme á redacción desta aprobado pola lei 4/1991, do 8 de marzo.

Igualmente, e por se-la finalidade do concurso a redistribución de efectivos, propónse que o número de postos ofertados poida ampliarse cos que quedan vacantes ó promocionarse os seus titulares, para non ter que repetir sucesivamente os concursos, sempre e cando conte con informe favorable da xefatura do servizo onde se ubique o posto vacante.

Por último, a tamén para acadar unha axeitada mobilidade, segundo o previsto no artigo 7 do acordo regulador de condicións económicas e sociais do persoal municipal, os concursos de traslados contarán cunha periodicidade anual, sempre que existan postos para ofertar.

Nas relacións de postos de traballo incluírase expresamente calquera restrición relativa ós funcionarios que poidan participar nas convocatorias de concurso por razón da administración ou organismo ó que pertenza.

En todo caso o persoal dos organismos autónomos municipais que contén coa condición de funcionarios poderán participar nos concursos sempre que no cadro de persoal da Corporación o posto estea vacante para os efectos presupostarios, ou exista vacante para adscribir ó/a funcionario/a que ocupaba ese posto.

O Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, neste caso por delegación do Alcalde, poderá cubrir temporalmente os postos vacantes a través de comisión de servizos, redistribución de efectivos ou adscrición provisional, por motivos de urxencia debidamente xustificadas, tralo informe da Xunta de Persoal e do interesado nun prazo de 3 días, dando conta con posterioridade a Xunta de Goberno Local. Neste caso o posto deberá incluírse no primeiro concurso de traslados que se celebre.

O/a empregado/a en calquera destas situacións percibirá as retribucións básicas correspondentes ó grupo de titulación no que está incluída a súa praza e as complementarias do posto de orixe ou destino, que as teña recoñecidas en maior contía.

A efectos de aplicación do baremo os empregados equiparanse polo concello ós funcionarios a efectos de grao, seguindo os mesmos criterios que no caso daqueles.

Por isto, o funcionario que subscribe, coa conformidade da Xefa do Servizo de Recursos Humanos, despois da correspondente negociación cos representantes sindicais efectuada na Mesa Xeral de Negociación celebrada o día 15 de marzo de 2011, propón á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobada las bases seguintes do Concurso de Traslados correspondente ó ano 2011:

I.- Condición dos aspirantes

Ó tratarse dun concurso para redistribución de efectivos, poderán acceder a el o persoal municipal (funcionarios/as de carreira e persoal laboral fixo), agás os suspensos en firme, que cumpra os requisitos de titulación que en cada caso se establezan, que estean incluídos nos grupos de titulación da praza á que se adscriba o posto e, que leven máis de dous anos desempeñando un posto de traballo incluído no grupo ou escala de orixe como funcionarios de carreira ou persoal laboral fixo.

Así mesmo, o persoal dos organismos autónomos municipais que contén coa condición de funcionarios poderán participar nos concursos sempre que no cadro de persoal da Corporación o posto estea vacante para os efectos presupostarios, ou exista vacante para adscribir ó/a funcionario/a que ocupaba ese posto.

No caso de que o posto ofertado estea reservado para persoal laboral, os aspirantes deberán asemade levar desempeñando máis de dous anos en réxime laboral fixo, un posto de traballo encadrado na categoría profesional a que pertence o posto convocado.

II.- Denominación, nivel, localización e requisitos indispensables para o desempeño do posto.

Son as que se indican a continuación en cada caso.

- Persoal funcionario.

1.- Xefe/a de Negociado de Información. Número de postos: 1

- Nivel: C.D. 22; C,E. 313.
- Localización: Servizo de Atención Cidadá
- Requisitos para o seu desempeño: Funcionarios/as incluídos no Subgrupo C1 de titulación coa categoría de administrativo/a de administración xeral, esixíndose a de bacharelato superior, FP2 ou equivalente, segundo a lexislación vixente.

2.- Xefe/a Negociado Escolas Municipais. Número de postos: 1

Nivel: C.D. 22; C,E. 313.

Localización: Educación.

Requisitos para o seu desempeño: Funcionarios/as incluídos/as no Subgrupo C1 de titulación coa categoría de administrativo/a de administración xeral, esixíndose a de bacharelato superior, FP2 ou equivalente, segundo a lexislación vixente.

3.- Xefe/a Negociado Servizos Xerais. Número de postos: 1

Nivel: C.D. 22; C,E. 313.

Localización: Servizos Xerais.

Requisitos para o seu desempeño: Funcionarios/as incluídos/as no Subgrupo C1 de titulación coa categoría de administrativo/a de administración xeral, esixíndose a de bacharelato superior, FP2 ou equivalente, segundo a lexislación vixente.

4.- Xefe/a Oficina Administrativa Dirección de Ingresos. **Número de postos: 1**

Nivel: C.D. 22; C.E. 313.

Localización: Dirección de Ingresos.

Requisitos para o seu desempeño: Funcionarios/as incluídos/as no Subgrupo C1 de titulación coa categoría de administrativo/a de administración xeral, esixíndose a de bacharelato superior, FP2 ou equivalente, segundo a lexislación vixente.

5.- Xefe/a Oficina Administrativa Actividades e Instalacións **Número de postos: 1**

Nivel: C.D. 22; C,E. 313.

Localización: Xerencia Urbanismo.

Requisitos para o seu desempeño: Funcionarios/as incluídos/as no Subgrupo C1 de titulación coa categoría de administrativo/a de administración xeral, esixíndose a de bacharelato superior, FP2 ou equivalente, segundo a lexislación vixente.

6.- Xefe/a Negociado Medio Ambiente. **Número de postos: 1**

Nivel: C.D. 22; C,E. 313.

Localización: .Servizo de Medio Ambiente

Requisitos para o seu desempeño: Funcionarios/as incluídos/as no Subgrupo C1 de titulación coa categoría de administrativo/a de administración xeral, esixíndose a de bacharelato superior, FP2 ou equivalente, segundo a lexislación vixente.

7.- Xefe/a de Negociado de Xestión Catastral. **Número de postos: 1**

- Nivel: C.D. 22; C,E. 313.
- Localización.: Dirección de Ingresos-Xestión Catastral.
- Requisitos para o seu desempeño: Funcionarios/as incluídos no Subgrupo C1 de titulación coa categoría de administrativo/a de administración xeral, esixíndose a de bacharelato superior, FP2 ou equivalente, segundo a lexislación vixente.

8.- Xefe/a Oficina Administrativa Programación Cultural. **Número de postos: 1**

Nivel: C.D. 22; C.E. 305.

Localización: Servizo de Cultura.

Requisitos para o seu desempeño: Funcionarios/as incluídos/as no Subgrupo C1 de titulación coa categoría de administrativo/a de administración xeral, esixíndose a de bacharelato superior, FP2 ou equivalente, segundo a lexislación vixente.

9.- Xefe/a Oficina Información Xerencia Urbanismo. **Número de postos: 1**

Nivel: C.D. 22; C.E. 313.

Localización: Xerencia de Urbanismo.

Requisitos para o seu desempeño: Funcionarios/as incluídos/as no Subgrupo C1 de titulación coa categoría de delineante, esixíndose a de bacharelato superior, FP2 ou equivalente, segundo a lexislación vixente.

- Persoal laboral.

1.- Enlace informático Dirección de Ingresos. **Número de postos: 1**

- Nivel: C.D. 16; C.E. 140.
- Localización: Dirección de Ingresos.
- Requisitos para o seu desempeño: Entre persoal laboral equiparado ó grupo C2 a efectos de titulación.

2.- Xefe de Quenda Limpeza. **Número de postos: 1**

- Nivel: C.D. 18; C.E. 143.
- Localización: Servizos Xerais-Servizo de Limpeza.
- Requisitos para o seu desempeño: Entre persoal de oficios e equiparado ó grupo C2 a efectos de titulación.

3.- Xefe de Equipo Educación. **Número de postos: 1**

- Nivel: C.D. 17; C.E. 162.
- Localización: Servizo de Educación.
- Requisitos para o seu desempeño: Entre persoal de oficios e equiparado ó grupo C2 a efectos de titulación.

4.- Xefe de Equipo Cemiterios. **Número de postos: 1**

- Nivel: C.D. 17; C.E. 162.

- Localización: Area de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo.
- Requisitos para o seu desempeño: Entre persoal de oficios e equiparado ó grupo C2 a efectos de titulación.

5.- Xefe de Equipo Parque Móbil. **Número de postos: 1**

- Nivel: C.D. 17; C.E. 162.
- Localización: Servizos Xerais-Parque Móbil.
- Requisitos para o seu desempeño: Entre persoal de oficios e equiparado ó grupo C2 a efectos de titulación.

6.- Xefe de Equipo Vías e Obras. **Número de postos: 2**

- Nivel: C.D. 17; C.E. 162.
- Localización: Servizos Xerais-Vías e Obras.
- Requisitos para o seu desempeño: Entre persoal de oficios e equiparado ó grupo C2 a efectos de titulación.

III.- Baremo para puntuación dos méritos

Méritos:

1.- Coñecemento do posto ó que se opta: Valorarase de 0 a 8 puntos.

Consistirá nunha proba práctica na que se acredite os coñecementos específicos do posto en atención ó destino concreto no departamento ou servizo de ubicación na vixente relación de postos de traballo, que se valorará ata 8 puntos.

Para forma-lo seu xuízo a Comisión de Valoración acordará a práctica das correspondentes probas, que poderán ser tipo test, supostos prácticos, elaboración dunha memoria, etc., que en todo caso versarán sobre aspectos relativos ás tarefas propias do posto e que deberán ser incorporadas a acta da sesión na que se celebren.

A puntuación de cada aspirante nas diferentes probas correspondentes a este apartado será a media aritmética das cualificacións de tódolos membros da Comisión asistentes á sesión. Non se valorarán a puntuación máis alta e a máis baixa (só unha delas en caso de empate), sempre que entre elas exista unha diferenza de 3 puntos ou máis.

2. Grao persoal:

- p) 0 mesmo ou superior ó do posto a que se aspira: 2 puntos.
- q) De un a tres niveis inferiores: 1,5 puntos
- r) Catro niveis inferiores ou menos: 1,0 puntos
- s) Nivel inferior aos anteriores: 0,5 puntos

3. Antigüidade:

Por cada ano ou fracción de servizos prestados ó concello e os seus organismos autónomos con cargo a prazas do cadro de persoal, e os recoñecidos con anterioridade á adquisición da condición de funcionarios de carreira: 0,10 puntos, ata un máximo de tres.

4. Cursos de formación e perfeccionamento.

Só se terán en conta os cursos que estean relacionados coas funcións do posto ó que se aspira nos que o certificado de asistencia sexa expedido por un organismo oficial, centro homologado para impartilos ou colexio profesional, os cursos oficiais derivados do cumprimento dos acordos MAP-Sindicatos e FEMP-Sindicatos, dentro da súa labor de formación e capacitación permanente do persoal, ou os impartidos polo Concello dentro da súa labor de formación continua, ben directamente ou a través de empresas ou organismos autorizados, sempre que o certificado de asistencia o expida o concello e estean relacionados coas funcións do posto ó que se aspira.

Se se trata de convocatorias de persoal de oficios, tamén computarán como mérito os cursos impartidos polo INEM ou organismo que o substitúa nas distintas comunidades autónomas (no caso da comunidade autónoma galega, Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude), sempre que teñan relación coas funcións propias do posto ó que se aspira. Así mesmo poderán valorarse os impartidos por outros organismos oficiais competentes para impartir os cursos propios de cada oficio e, os derivados dos acordos nacionais de formación continua (FORCEM), sempre e cando teñan relación coas funcións do posto ó que se aspira.

_Por cada curso de 60 horas de duración ou no seu defecto 10 xornadas como mínimo: 0,60 puntos.

_Por cada curso entre 30 o 59 horas de duración ou no seu defecto de 5 a 9 xornadas como mínimo: 0,40 puntos.

_Por cada curso entre 10 e 29 horas de duración ou no seu defecto entre 2 e 4 xornadas: 0,20 puntos.

_Por cada curso no que non se especifique a duración, ou inferior a dúas xornadas: 0,10 puntos.

Nas convocatorias específicas poderá figura-la relación de cursos con dereito a poder ser valorados.

Os cursos de coñecemento do idioma galego valoraranse do seguinte xeito:

_Por supera-lo curso/validación de iniciación: 0,25 puntos.

_Por supera-lo curso/validación de perfeccionamento ou curso básico de linguaxe xurídico-administrativa: 0,50 puntos.

_Por supera-lo curso medio de linguaxe xurídico- administrativa: 0,75 puntos.

_Por supera-lo curso superior de linguaxe xurídico-administrativa: 1,00 puntos.

Puntuarase só o superior alegado e xustificado como mérito.

O/a aspirante que non acredite ter realizado ningún dos anteriores cursos, efectuaráselle unha proba de coñecementos que se valorará cun máximo de 0,50 puntos. Dita proba terá lugar sempre antes da realización da proba de coñecemento do posto ó que se opta, e convocarase a través do taboleiro de editos ós/ás aspirantes que non acrediten contar con ningún curso de lingua galega.

A puntuación máxima por este apartado non poderá exceder de 5,50 puntos.

5. Titulacións académicas:

a) Por estar en posesión de titulación superior á esixida para o acceso á praza: 1 punto.

b) Por estar en posesión doutra titulación superior, excluída a que serviu para obter a que se alega como mérito, sempre que teña relación directa coas funcións do posto e que sexa superior respecto da do apartado anterior: 0,50 puntos.

A puntuación máxima por este apartado non poderá exceder de 1,50 puntos.

Para poder adxudicarse o posto, o candidato deberá obter un mínimo de 10 puntos conforme ó baremo de méritos anterior.

A puntuación por cada un dos ditos apartados non poderá ser superior ó 40%, nin inferior ó 10% da puntuación total do baremo.

Os empates dirimiranse en función da puntuación outorgada ós méritos enunciados, pola orde establecida; de persistir, pola antigüidade na administración e, por último, pola idade.

IV.- Comisión de Valoración

Formarase unha comisión de Valoración para postos de funcionario e outra para postos de persoal laboral

Terá carácter colexiado e estará integrado por 8 membros, un/unha presidente/a, un/unha secretario/a e, seis vogais, así como os/as seus respectivos suplentes, designados polo concelleiro-delegado da area de Xestión Municipal, debendo contar cun nivel de titulación ou especialización igual ou superior á esixida para o acceso ao posto. Actuarán con voz e voto -a excepción do Secretario/a-, podendo acordar o nomeamento dun/dunha asesor/a especialista na materia (xefe do servizo do posto obxecto do concurso ou técnico cualificado), que deberá comparecer a título individual e, que asistirá con voz e sen voto.

A pertenza a Comisión de Valoración será sempre a título individual; non poderá exercerse esta en representación ou por conta de ninguén. Non poderán formar parte dela o persoal de elección ou designación política, os funcionarios interinos e o persoal eventual.

Correspóndelle á presidencia acordar as convocatorias das sesións ordinarias e extraordinarias, presidir as sesións, moderar o desenvolvemento dos debates e suspendelos por causas xustificadas, asegurar o cumprimento das leis, dirimir co seu voto os empates nos termos legalmente previstos, visar as actas e certificacións dos acordos da Comisión de Valoración e as demais que lle outorgue a lexislación vixente.

O/a secretario/a, que intervirá con voz e sen voto, desempeñará funcións de asesoramento legal a Comisión de Valoración, custodia dos exames e actas, elaboración das actas dos acordos e informe xurídico en relación cos recursos administrativos que se poidan presentar contra os actos e a acordos da Comisión. Igualmente, deberá realizar as funcións previstas no artigo 25 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999.

Simultaneamente cos titulares designarase aos respectivos/as suplentes. Os/as seus/súas integrantes deberán absterse de tomar parte no proceso selectivo cando concorran as causas recollidas no artigo 28 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999. Asemade, os aspirantes poderán recusar aos mesmos nos supostos previstos no artigo 29 da mesma norma.

Pola Comisión de Valoración deberá acordarse na sesión constitutiva o número máximo de sesións, debendo facerse constar na correspondente acta, podendo ampliarse unicamente por causa xustificada mediante novo acordo do mesmo, debidamente motivarse na acta.

A Comisión de Valoración contará coa asistencia técnico-administrativa do persoal do Servizo de Recursos Humanos, con funcións vinculadas ao desenvolvemento dos distintos exercicios previstos. Ditas funcións exerceranse sempre de acordo coas instrucións recibidas da Comisión de Valoración, tralo acordo adoptado por esta na sesión constituínte e documentado na correspondente acta.

Os membros da Comisión de Valoración, o asesor que se poida designar por aquel e que asistan de xeito efectivo ás sesións do proceso selectivo, xunto co persoal técnico administrativo asistente, percibirán axudas de custo por asistencia na contía legalmente establecida, de conformidade co previsto no Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, de Indemnizacións por razóns do servizo.

A actuación da Comisión de Valoración, en canto que é un órgano colexiado, rexerase no non previsto na normativa sectorial vixente polas disposicións da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999.

A comisión de valoración propondrá ó organismo municipal competente os traslados a efectuar e a súa proposta será vinculante sempre que se axuste a dereito.

V.- Procedemento de valoración.

As solicitudes, xunto coa documentación acreditativa dos méritos valorables, segundo a base III anterior -excluíndo aqueles nos que a acreditación corresponde ó concello, que o fará de oficio, sempre que o aspirante alegue o mérito na súa instancia-, presentaranse en impreso normalizado que se encontrará a disposición dos interesados na Oficina de Información e irán dirixidas ó Excmo. Sr. alcalde.

No caso de ser varios os postos solicitados, farase constar expresamente a orde de preferencia no cadro ó efecto existente no impreso.

O prazo de presentación de solicitudes será de 10 días hábiles a partir da publicación do Anuncio no Boletín Oficial da Provincia, sen prexuízo de facelo tamén no taboleiro de editos da Casa do Concello e nos de anuncios de tódolos servizos municipais.

Rematado o citado prazo, e previamente ó inicio das valoracións pola comisión, expóranse ó público no taboleiro de editos a lista de admitidos e excluídos cos motivos da exclusión, para que os interesados poidan promover as reclamacións pertinentes no prazo de 4 días hábiles, as que serán resoltas no mesmo prazo.

Concluídas as valoracións, publicarase a lista provisional de aspirantes por orde de puntuación no taboleiro de editos da Casa do Concello, conferíndose audiencia ós interesados e dándoselles vista do expediente para que no prazo de 4 días hábiles efectúen as alegacións que estimen oportunas, que serán resoltas motivadamente pola comisión en igual prazo.

Resoltas as reclamacións, se as houbera e, en caso contrario, rematado o prazo dos 4 días, a comisión de valoración elevará a lista definitiva proponendo ó Concello os nomeamentos para os postos dos candidatos que obtivesen a maior puntuación, e a súa proposta será vinculante.

O prazo máximo para a resolución do concurso será dun mes e o seu resultado publicarase da mesma forma que a convocatoria.

A toma de posesión deberá efectuarse nos 3 días contados a partir do seguinte á publicación do resultado do concurso no Boletín Oficial da Provincia, sen prexuízo da súa publicación no taboleiro de editos da Casa do Concello.

O prazo de toma de posesión poderá demorarse por causa xustificada debidamente apreciada.

VI. Forma de presentación da documentación.

Os/as aspirantes deberán presentar, xunto coa solicitude e, en todo caso, antes da finalización do prazo de presentación de instancias, a documentación acreditativa dos méritos que aleguen dos establecidos no correspondente baremo, a través de orixinal ou copia compulsada.

Para a xustificación dos méritos o/a aspirante que deba achegar documentación procedente doutros organismos oficiais que non lla facilitasen antes da finalización do prazo de presentación de instancias, deberá aportar no devandito prazo a correspondente solicitude ou copia compulsada, xunto cunha declaración comprometéndose a presentala nos dous días seguintes a aquel no que lle fose expedida. En todo caso non procederá a súa valoración se non fose achegada antes da data de celebración da sesión de valoración do concurso.

A comisión poderá solicitar que se complete ou aclare a documentación presentada para xustifica-los méritos alegados, pero non pedir nova documentación para acreditar méritos so alegados.

Como excepción se o mérito que se alega e ter prestados servizos no concello de Vigo, bastará con face-lo constar en declaración xurada que se achegará xunto coa solicitude e na que figure a data ou datas de inicio e finalización dos servizos ó concello e o departamento, servizo ou unidade na que se prestaron. No caso contrario deberá achega-la correspondente certificación dos servizos prestados por parte do aspirante.

VII. Remoción do posto de traballo.

Os candidatos nomeados poderán ser removidos dos seus postos por causas sobrevidas, derivadas dunha alteración no contido do posto, realizada a través da relación de postos de traballo, que modifique os supostos que serviron de base á convocatoria, ou dunha falta de capacidade para o seu desempeño manifestada por un rendemento insuficiente que non comporte inhibición e que lle impida realizar con eficacia as funcións atribuídas ó posto e, en todo caso polos motivos e seguindo os procedementos legalmente consignados na normativa vixente que resulte de aplicación.

Previamente á resolución, conferirase trámite de audiencia ó/á interesado/a e ó Comité de Persoal por un prazo de 10 días hábiles.

Ós/ás funcionarios/as removidos asignaráselle un destino provisional ata a celebración do seguinte concurso de traslados.

SEGUNDO.- Os postos da mesma natureza que queden vacantes en función das xubilacións que se produzan ata a data do concurso e que contén con crédito no presuposto, acumularanse ós ofertados, ó se-lo obxecto deste concurso a redistribución de efectivos.

A referida acumulación de postos vacantes, deberá contar co informe favorable da xefatura do servizo onde se ubique o posto vacante.

TERCEIRO.- A esixencia de titulación para o desempeño dun posto poderá ser substituída pola de que o interesado estea incluído por disposición legal, regulamentaria ou acordo firme da Corporación no grupo de titulación dalgunha das prazas á que está adscrito o posto.

CUARTO.- Os/as funcionarios/as, ou persoal laboral, nomeados a través do presente concurso de traslados poderán ser adscritos, por necesidades do servizo a outros postos do mesmo nivel de complemento de destino e igual importe do complemento específico.

QUINTO.- As presentes bases serán de aplicación, así mesmo, os concursos de traslados que aproben os Organismos Autónomos municipais, sen prexuízo das adaptacións imprescindibles, precisas polas peculiaridades propias daqueles.

SEXTO.- No non previsto nas presentes bases, serán de aplicación os preceptos básicos da lei 30/1984, do 2 de agosto e da Lei 7/85, de 2 de abril; e no que non este así reservado á lexislación do Estado ó Decreto 93/1991, do 20 de marzo, da Xunta de Galicia, que aproba o Regulamento de Provisión de Postos de Traballo, Promoción Profesional ou Promoción Interna.

26(425).- GRATIFICACIÓN POR SERVIZOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS DO PERSOAL DOS DISTINTOS SERVIZOS, CORRESPONDENTE AOS MESES DE OUTUBRO 2010 E FEBREIRO 2011. EXPTE. 21897/220.

Examinadas as actuacións do expediente, de conformidade co informe-proposta da técnica de Avaliación e Formación de Recursos Humanos, de data 29-03-2011, conformado pola xefa do servizo de Recursos Humanos, e co informe do técnico de Intervención do 30.03.2011, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

“Asignar unha gratificación por servizos especiais e extraordinarios correspondente os meses de OUTUBRO-2010 E FEBREIRO-2011 (Inclúe horas de Xuño a Decembro) con cargo á partida presupostaria 121.0.151.00.00-GRATIFICACIÓNS, que se aboará na nómina do vindeiro mes, ó persoal dos servizos que a continuación se indican:

SERVIZO	RELACIÓN	MES	Nº DE HORAS
Parque Central (Medio Ambiente)	De Manuel Alonso Iglesias a Florentino Prieto Domínguez	Outubro-2010	296,00
Parque Central	De Miguel Alonso Alonso a Bernardo Rodríguez Lestón	Outubro-2010	207,00
Parque Central (Limpieza)	De Angel Alonso González a Manuel Quintas Pérez	Setembro-Outubro-2010	213,00
Parque Móbil	De Manuel Alonso Iglesias a Eduardo Vázquez González	Outubro-2010	440,00

SERVIZO	RELACIÓN	MES	Nº DE HORAS
Parque Móbil (Desinfección)	De Jesús Pérez Tomé	Outubro-2010	32,00
Montes, Parques e Xardíns	De Alfonso Casas Iglesias a	Setembro-2010	579,00

	José Luis Vidal Alvarez		
Alcaldía (Oficina)	De Raquel Abalde Comesaña	Outubro-2010	71,00
Alcaldía (conductores)	De Basilio Costas Fernández a Camilo Fontán Balbuena	Febreiro-2011	224,00
OSPPIO	De Ricardo Lobato Cameselle a Loreto Romero Gil-Delgado	Outubro-2010	180,00
1ª Tenencia Alcaldía	De José Luis Pérez Costas a Manuel A. Vázquez Martínez	Febreiro-2011	48,00
Extinción Incendios	De Francisco J. Abreu Torres a Rubén Veiga García	Febreiro-2011	348,00
Cultura	De Ramón Vázquez Martínez	Outubro-2011	28,00
Policia Local (Xulgados)	De Constante Alonso Caride a José Manuel Villar Fernández	Febreiro-2011	1.000,00
Policia Local (Horas en exceso)	De Constante Alonso Caride a Manuel Villar Miguelez	Febreiro-2011	593,25
Vías e Obras	De José L. Amoedo Cabaleiro a Rodrigo Rodríguez Rocha	Outubro-2010	567,00
Conserxería	De Mª Teresa Vaqueiro Herbello a Rosa T. Vázquez Alvarez	Agosto a Decembro 2010	24,25
Inspección Vías e Obras	De Benito Barciela Simón a Rimundo Villar Estevez	Outubro-2010	154,00
Desinfección	De A. Avelino Pardellas Avión a José Ramón Seijas Álvarez	Outubro-2010	88,00
Administración de Tributos	María Rita Rielo Franco	Outubro-2010	47,20
Protección Civil	José Antonio Sande Vázquez	Xullo a Setembro 2010	160,00

O montante do presente expediente ascende a un total de 42.477,78 € (CORENTA E DOUS MIL CATROCENTOS SETENTA E SETE EUROS CON SETENTA E OITO CÉNTIMOS).

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

27(426).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN CON LIQUIDACIÓN PROVISIONAL A FAVOR DA AEAT, POR IMPORTE DE 61.906€, EN CONCEPTO DO IVE NON LIQUIDADADO CORRESPONDENTE AO EVENTO DE POWERBOAT. EXPTE. 10399/333.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Dáse conta da resolución con liquidación provisional a favor da AEAT, por contía de 61.906€, para a tramitación do seu pago, rematando o prazo de ingreso en período voluntario o 5.04.2011, segundo informe do director deportivo do IMD, do 29.03.2011, conformado polo concelleiro delegado de Deportes e da concelleira delegada de Economía e Facenda, que di o seguinte:

“Con data 25 de febreiro de 2011, a Agencia Tributaria, Delegación de Vigo, notifica a esta Administración a liquidación dunha acta de IVE por un importe de 61.906 euros, dos que 56.000 euros corresponden coa cota e 5.906 euros aos intereses de demora.

A acta ten a súa causa nunha actividade realizada por unha empresa sen establecemento permanente no territorio de aplicación do Imposto, polo que o suxeito pasivo do imposto era o Concello de Vigo, por tratarse dunha actividade suxeita e non exenta.

A área xestora da actividade, tramitou o expediente sen ter en conta o Imposto sobre o Valor Engadido, polo que o gasto que representaba o devandito expediente o debería conformar a Base Imponible (350.000 euros) máis o IVE, 56.000 euros. O pago sería a empresa prestadora do servizo de 350.000 euros e os 56.000 euros correspondería cun ingreso que tería que efectuar o Concello a Facenda na Liquidación periódica do IVE correspondente o cuarto trimestre, liquidación esta última que no tramitou o servizo xestor do expediente, e que agora deu orixe a esta situación.

En consecuencia co anterior, dáse conta a Xunta de Goberno Local da Acta de referencia por unha contía de 61.906 euros, para que se tramite o pago, rematando o prazo de ingreso en período voluntario o 5 de abril.

O gasto imputarase a aplicación 9220.2250000 (Tributos a cargo do Concello), sendo a unidade xestora do expediente para impulsalo procedemento de pago o que xerou a actividade e a situación descrita.

Unha vez que a Xunta de Goberno Local teña coñecemento do gasto e da acta, tramitaráse a orden de pagamento, para que se materialice o pago no lugar indicado na documentación.”

28(427).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN E CONCESIÓN DUNHA SUBVENCIÓN DIRECTA A “ASOCIACIÓN DE AYUDA AL TOXICÓMANO ERGUETE”. EXPTE. 60365/301.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, de conformidade co informe-proposta do director de Cedro, de data 28-02-2011, conformado pola concelleira delegada de Benestar Social, co informe do letrado asesor do 23.03.2011 e co informe da xefa do servizo de Fiscalización de data 1.04.2011, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

1º) Aprobala concesión dunha subvención directa a “Asociación de Ayuda al Toxicómano Erguete”, Cif. G36642726, por un importe total de 45.000 euros, con cargo á partida 3133.4890000 -Conv. Aloxamento alternativo Érguete-.

2º) Aprobar o texto do Convenio de Colaboración coa “Asociación de Ayuda al Toxicómano Erguete”, para a realización da actividade do programa de pisos de apoio á incorporación social de drogodependentes, na cidade de Vigo para o ano 2011.

3º) Aprobar o gasto por un importe de 45.000 € con cargo á partida 3133.4890000 -conv. aloxamento alternativo Érguete-.

29(428).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A FUNDACIÓN SECRETARIADO GITANO, PARA A EXECUCIÓN DUN PROXECTO DE INTERVENCIÓN FAMILIAR NO MARCO DE ATENCIÓN PRIMARIA MUNICIPAL DAS MINORIAS CIGANA E XITANA. EXPTE. 60836/301.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, de conformidade co informe-proposta da técnica de Actividades Económicas, de data 11-03-2011, conformado polo xefe de área de Benestar Social, co informe do letrado asesor do 25.03.2011 e co informe da xefa do servizo de Fiscalización de data 1.04.2011, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

1.- Aprobar o texto do convenio de colaboración entre o Excmo. Concello de Vigo e a Fundación Secretariado Gitano, para a execución dun proxecto de intervención familiar no marco da atención primaria municipal das minorías étnicas cigana e xitana, coa realización das actuacións concretas que figuran no convenio así como os anexos 1, 2, 3, 4 e 5.

2.- Aprobar o gasto de 109.200 € (CENTO NOVE MIL DOSCENTOS EUROS), a favor de Fundación Secretariado Gitano, cif. G83117374, con cargo á partida 2310.2260901, -Programas minorías étnicas-, do orzamento de 2011.

30(429).- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR PARA O COFINANCIAMENTO DA PRESTACIÓN DE SERVICIOS SOCIAIS POLO CONCELLO DE VIGO Ó LONGO DO ANO 2011. EXPTE. 61387/301.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, de conformidade co informe-proposta da técnica de Actividades Económicas, de data 30-03-2011, conformado polo xefe de área de Benestar Social e pola concelleira delegada da área de Benestar Social, a Xunta de Goberno Local acorda:

1º- Aproba-la solicitude de subvención á Consellería de Traballo e Benestar ao amparo e de conformidade coa Orde de 3 de marzo de 2011, para o cofinanciamento da prestación de Servizos Sociais polo Concello de Vigo ó longo do ano 2011.

2º- Aprobala solicitude de subvención á Consellería de Traballo e Benestar ao amparo e de conformidade coa 3 de marzo de 2011 para proxectos de desenvolvemento do pobo xitano

Deste acordo darase conta ao Pleno da Excm. Corporación Municipal, consonte co artigo 11º da Orde citada.

31(430).- ADHESION DO CONCELLO DE VIGO Ó CONVENIO DE COLABORACIÓN SUBSCRITO ENTRE A CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMON. PUBLICAS E XUSTIZA, A CONSELLERÍA DE SANIDADE O SERVIZO GALEGO DA SAUDE E A FEDERACIÓN DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS (FEGAMP), PARA A REALIZACIÓN DE PROGRAMAS DE PROTECCIÓN E PROMOCIÓN DA SAÚDE, E ACEPTACIÓN DAS BASES REGULADORAS. EXPTE. 60255/301.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, de conformidade co informe-proposta do xefe de área de Benestar Social, de data 23-02-2011, conformado pola concelleira delegada da área de Benestar Social, co informe do letrado asesor do 23.03.2011, e co informe da xefa do servizo de Fiscalización do 30.03.2011, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

1.- Aprobar a adhesión do Concello de Vigo ao CONVENIO DE COLABORACIÓN SUBSCRITO ENTRE A CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA, A CONSELLERÍA DE SANIDADE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE, E A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS (FEGAMP), PARA A REALIZACIÓN DE PROGRAMAS DESPROTECCIÓN E PROMOCIÓN DA SAÚDE, e a aceptación das bases reguladoras contidas nel.

2.- Distribuír os 710.191,52 € que percibirá o Concello de Vigo nos seguintes programas e contías :

Cedro 3133 asistencia a cantidade de 604.507, 84 €

Benestar Social 2310 prevención a cantidade de 105.683,68 €

3.- Facultar á Concelleira delegada de Benestar Social para a sinatura de cantos documentos fosen precisos para a adhesión e aceptación das Bases reguladoras contidas no dito Convenio.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA, A CONSELLERÍA DE SANIDADE, O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE, E A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS (FEGAMP), PARA A REALIZACIÓN DE PROGRAMAS DE PROTECCIÓN E PROMOCIÓN DA SAÚDE.

Santiago de Compostela, 3 de xaneiro de 2011

REUNIDOS

Dunha parte os Sres. D. Alfonso Rueda Valenzuela, conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e D^a María Pilar Farjas Abadía, conselleira de Sanidade e presidenta do Servizo Galego de Saúde a teor do disposto no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro.

Doutra parte D. Carlos Fernández Castro, presidente da Federación Galega de Municipios e Provincias (CIF V15160963) que actúa en nome e representación daquela, segundo prevén os seus estatutos.

Todos os intervinientes actúan coa representación que legal e regulamentariamente teñen conferida e

EXPOÑEN

I.- O Decreto 303/2009, do 21 de maio, regula a estrutura orgánica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza como o departamento da Xunta de Galicia ao que lle corresponde, sen prexuízo das demais competencias que legal e regulamentariamente teña atribuídas, a elaboración, proposta e execución da política do Goberno Galego en materia de Administración local.

II.- O Decreto 310/2009, do 28 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Sanidade, determina que esta é o órgano da Administración autonómica responsable da superior dirección e control do desenvolvemento das funcións e competencias que corresponden á Xunta de Galicia en materia de sanidade, de acordo co establecido nos artigos 27.23º, 28.8º e 33 do Estatuto de autonomía de Galicia e que lle foron asignadas polo Decreto 28/1980, de 15 de outubro.

O Decreto 311/2009, do 28 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica dos servizos centrais do Servizo Galego de Saúde, establece que este é o organismo autónomo de natureza administrativa adscrito á Consellería de Sanidade, configurado para o axeitado desenvolvemento das competencias que no eido sanitario lle corresponden á Comunidade Autónoma de Galicia.

III.- O artigo 80 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, determina que o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poderá promover toda clase de actividades e prestar todos os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade de veciños, e para tal efecto exercerá competencias nos termos da lexislación do Estado e da Comunidade Autónoma, en materia de protección da salubridade pública e participación na xestión da atención primaria da saúde.

IV.- Dado que o Servizo Galego de Saúde non dispón de centros de saúde propios en todos os concellos, e estando en trámite o proceso de progresiva asunción dos centros de saúde de titularidade municipal, o organismo autónomo utiliza estes para a prestación de servizos sanitarios á poboación no seu ámbito territorial, ocasionando dito uso un gasto nos ditos centros.

Ademais, o funcionamento dun centro de saúde como punto de atención continuada ou zona especial de urxencias supón a asunción por parte do concello titular duns gastos de mantemento máis elevados.

Co obxecto de colaborar nos gastos ocasionados nos centros de saúde de titularidade municipal, o Servizo Galego de Saúde considerou necesario establecer unha liña de subvencións con cargo ós orzamentos xerais da Comunidade Autónoma.

Tendo presente a importancia do servizo público prestado, cómpre manter a liña de axudas prevista.

V.-No ano 2010 asináronse dous convenios coa FEGAMP, como representante único de todos os Concellos con actividades nos programas de prevención e atención aos trastornos adictivos.

Para o ano 2011, preténdese continuar con esta cooperación mediante un único convenio e ampliando o seu contido coas aportacións para sufragar os custos de mantemento de centros de saúde e PAC's de titularidade municipal.

O importe da subvención destinada ao obxecto do presente convenio aparece nominativamente nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2011, o que implica un decidido compromiso co mantemento dos servizos públicos prestados a través das entidades locais no eido sanitario.

Por todo o anterior e, tendo en conta a especificidade técnica que requiren os programas a desenvolver, así como a prioridade de darlle continuidade aos mesmos, non resulta posible promover concorrencia pública, de conformidade co previsto nos artigos 19 e 26 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 11.2 da Lei 4/2006 de 30 de xuño de transparencia e boas prácticas na Administración Pública Galega.

VI.- Con este convenio se trata de dar continuidade ás actividades que se viñan realizando polos concellos sobre todo no relativo ó mantemento das estruturas de atención sanitaria existentes en cada un deles.

Por outra parte o mantemento do persoal do que dispón cada concello para a realización das actividades amparadas polo convenio recomenda que a Comunidade Autónoma preste especial atención a este tipo de gastos, polo que se prevé especialmente no convenio o anticipo do 80% da contía correspondente.

O reparto dos fondos responde a prioridade de dar continuidade os programas existentes, e polo tanto á estabilidade dos profesionais que os desenvolven, téndose establecido como criterio de reparto o seguinte:

- Para os programas de trastornos aditivos.

Para os programas de prevención, a distribución corresponde á mesma contía repartida no ano 2008 cunha redución do 5%. O dito reparto de 2008, realizouse tendo en conta:

- O Índice de Risco Epidemiolóxico de consumo de alcohol e outras drogas. Este índice calcúlase por área sanitaria en base aos estudos epidemiolóxicos que, periodicamente, avalían a incidencia e prevalencia dos distintos patróns de consumo, de forma que as áreas cualifícanse en 3 tipos: de risco alto, medio-alto e baixo.

- A Cobertura Poboacional: Os concellos clasifícanse en función do seu tamaño (maiores ou menores de 50.000 habitantes). Así mesmo, e para incrementar o valor deste criterio e favorecer a maior cobertura poboacional, valórase a formación de agrupacións de concellos ou mancomunidades

- A Dispoñibilidade do Concellos a cumprir cos obxectivos marcados polo Plan de Trastornos Aditivos de Galicia

- A Continuidade de programas municipais que, levando varios anos exercitando a súa labor, demostraron a súa eficacia na procura dos seu obxectivos.

No programa de asistencia, as unidades atenderán a demanda que se xere neste período e comprenderá, entre outras, as funcións de prescrición e procedementos diagnósticos e terapéuticos, rehabilitación en pacientes con déficit funcional recuperable, a educación para a saúde no seu ámbito de actuación e a realización das prestacións sociosanitarias que correspondan con este nivel de asistencia en coordinación co sistema de servizos sociais.

A intervención de asistencia sanitaria e atención aos trastornos adictivos farase a través das Unidades Asistenciais de Drogodependencias (UADs)

O reparto das contías responde ó mesmo criterio proporcional que se realizou no ano anterior.

- No programa de mantemento de centros de saúde, o reparto fíxose entre os Centros de Saúde de titularidade municipal de acordo ao número de titulares beneficiarios da Seguridade Social e aos metros cadrados dos PACs.

Este reparto mantense na mesma liña de colaboración xa existente salvo a adaptación derivada dos cambios de titularidade ou ben da dotación de nova creación de Centros de Saúde por parte do Servizo Galego de Saúde.

En base ao exposto, as partes asinan de común acordo o presente convenio, segundo as seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto:

1.- O obxecto do presente convenio é regular as condicións que rexerán a relación entre a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde, e os concellos que se adhiran e acepten as subvencións cuxas bases reguladoras se recollen neste convenio para o funcionamento e colaboración no financiamento polas administracións indicadas da realización e desenvolvemento de:

- a).- Programas de prevención de trastornos adictivos, de conformidade coa lexislación vixente na materia e os Plans sectoriais ou directrices aprobados pola Consellería de Sanidade, para a súa execución durante o ano 2011.
- b).- Programas de prestación de asistencia sanitaria e atención aos trastornos adictivos, a través dos Concellos que dispoñan de Unidades Asistenciais de Drogodependencias (UADs), atendendo á planificación, criterios, guías e procedementos establecidos polo Servizo Galego de Saúde.

As axudas axustaranse ao disposto pola Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia e comprenderán, entre outras, as funcións de prevención, prescrición e procedementos diagnósticos e terapéuticos, rehabilitación en pacientes con déficit funcional recuperable, a educación para a saúde no seu ámbito de actuación e a realización das prestacións sociosanitarias que correspondan en coordinación co sistema de servizos sociais.

2.- Tamén se inclúen dentro do presente convenio as axudas que se viñan concedendo anualmente para o mantemento dos PACs de titularidade municipal, así como aquelas outras derivadas dos concertos establecidos con diversos concellos no que atinxe á utilización de centros de saúde da súa titularidade.

3.- Dentro do marco de desenvolvemento do Pacto Local, o presente convenio establece as condicións que rexerán entre a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP), á que se designa en virtude deste convenio como entidade colaboradora nas subvencións anteditas.

Segunda.- Obrigas da Administración sanitaria da Comunidade Autónoma de Galicia.

A Administración sanitaria colaborará no financiamento dos custos que supoña a realización das actividades descritas no obxecto do convenio polos concellos que se adhiran e acepten as subvencións asignadas de conformidade co anexo do mesmo, tendo a consideración e tratamento de bases reguladoras para os efectos previstos na normativa de subvencións, e que se recollen neste convenio, a través dos seus orzamentos, cunha achega ingresada na conta da FEGAMP como entidade colaboradora.

Para tal efecto, a colaboración establecerase a través dos seguintes departamentos:

- A Subdirección Xeral de Xestión Sociosanitaria e Saúde Mental (Dirección de Asistencia Sanitaria do Servizo Galego de Saúde) para os programas de prestación de asistencia sanitaria e atención aos trastornos adictivos.
- A Subdirección Xeral de Programas de Fomento de Estilos de Vida Saudables (Dirección Xeral de Innovación e Xestión da Saúde Pública) para os programas de prevención de trastornos adictivos.

- A Subdirección Xeral de Orzamentos (Dirección de Recursos Económicos do Servizo Galego de Saúde), para o que se refire ás axudas por gastos de mantemento de centros sanitarios de titularidade municipal.

Terceira. Obrigas da FEGAMP.

No marco do pacto local estimouse conveniente para facilitar a execución do obxecto do convenio e acadar a coordinación dos concellos abranguidos, nomear á FEGAMP como entidade colaboradora asinante deste convenio, para os efectos de recibir os fondos e transferilos en nome e por conta da Xunta de Galicia aos concellos destinatarios, comprometéndose a facer constar expresamente a súa procedencia, así como a finalidade do seu traspaso.

Así mesmo difundirá a actuación entre os concellos e os informará das condicións do convenio e do tipo de gastos para os que se realiza a transmisión das cantidades previstas na cláusula precedente, asumindo as seguintes obrigas:

- Recadar a adhesión dos concellos aos que se dirixen as subvencións previstas no presente convenio e a aceptación das bases reguladoras contidas nel. A adhesión e aceptación dos concellos deberá ser efectuada por escrito polo órgano competente.
- Entregar aos concellos beneficiarios os fondos recibidos de acordo cos criterios e bases reguladoras establecidas no presente convenio.
- Comprobar o cumprimento e efectividade das condicións ou requisitos determinantes para o outorgamento das subvencións, así como aportar a documentación xustificativa da realización das actividades e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou o disfrute da subvención. Todo isto farase en base á documentación presentada polos concellos beneficiarios.
- Xustificar a entrega dos fondos percibidos ante o órgano concédente da subvención e entregar a xustificación presentada polos beneficiarios.
- Someterse ás actuacións de comprobación que, respecto da xestión de ditos fondos, poida efectuar o órgano concédente, así como calquera outras de comprobación e control financeiro de ditos fondos que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto estatais como comunitarios, aportando canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteditas.
- Levar a cabo os labores de intermediación entre a Xunta de Galicia e os concellos intervinientes, cando así lle sexa solicitado.
- Remitir as oportunas certificacións e/ou informes municipais acreditativos do cumprimento dos programas desenvolvidos, e da titularidade dos centros de saúde para as que se concede a axuda.
- Presentar as declaracións de axudas solicitadas ou concedidas en cada concello para a mesma finalidade e, en caso de non ter ningunha axuda, a presentación dunha declaración de que só se percibe este importe para esta finalidade.
- As demais obrigas previstas no convenio

A FEGAMP, como entidade colaboradora a quen se lle entrega os fondos das axudas e distribúe os mesmos aos beneficiarios, deberá respectar o disposto nos artigos 9 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

Cuarta.-Obrigas dos concellos que se adhiran ao presente convenio e acepten as bases reguladoras nel contidas.

A realización dos programas conveniados levarase a cabo mediante os medios dispostos polos Concellos. Estes medios contarán coas debidas autorizacións, de conformidade co previsto na normativa sanitaria aplicable aos establecementos de tratamento de drogodependencias, e aos centros, servizos e establecementos sanitarios, no seu caso.

Os concellos incluídos no ámbito de aplicación do presente convenio que se adhiran e acepten as bases reguladoras contidas nel, asumen os seguintes compromisos:

- a) Cumprir as directrices e instrucións de coordinación e programación establecidas pola Consellería de Sanidade e polo Servizo Galego de Saúde.
- b) Manter o sistema de información establecidos pola Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde.
- c) Colaborar coas medidas que os suxeitos convenientes consideren conveniente realizar para comprobar o cumprimento do fin para o que se subscribe este convenio.
- d) Manter o destino e funcionamento dos centros de saúde polos que se recibe a axuda.
- e) Manter a coordinación cos servizos responsables da Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde.
- f) Axustarse á lei de protección de datos e as instrucións e normativa sobre acceso á historia clínica do Servizo Galego de Saúde.
- g) Cumprir os criterios de austeridade, eficiencia e oportunidade das actividades e gastos comprometidos. A tales efectos, farase memoria das medidas adoptadas neste eido e especificarase na mesma, de xeito explícito, o cumprimento dos criterios que a Xunta de Galicia adopte para a administración autonómica.
- h) Elaborar e manter actualizada a relación de medios e recursos que teñan os concellos dispoñible para as actuacións conveniadas.

O funcionamento dos programas deberá estar coordinado a través dos departamentos indicados na cláusula segunda do presente convenio.

Ademais, os concellos comprométense a cumprir coas obrigas que o artigo 11 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia como beneficiarios da subvención e neste sentido:

- Executar o proxecto e realizar a actividade que fundamenta a concesión das subvencións.
- Xustificar ante a entidade colaboradora o cumprimento dos requisitos e condicións, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou disfrute da subvención.
- Someterse ás actuacións de comprobación, a efectuar polo órgano concédente ou a entidade colaboradora, no seu caso, así como a calquera outra actuación, sexa de comprobación e control financeiro, que podan realizar os órganos de control competentes, tanto autonómicos como estatais ou comunitarios, aportando tanta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.
- Comunicar á entidade colaboradora a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas, así como a modificación das circunstancias que tiveran fundamentado a concesión da subvención.

Esta comunicación efectuarase no momento no que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

- Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.
- Dar a axeitada publicidade do carácter público do financiamento dos programas, actividades, inversións ou actuacións de calquera tipo que sexan obxecto de subvención, nos termos regulamentariamente establecidos.
- Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos contemplados no artigo 33 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

Quinta.- Axudas para Unidades asistenciais de drogodependencias (UADs).

No desenvolvemento dos programas de asistencia a persoas con trastornos aditivos, as unidades atenderán a demanda que se xere neste período respectando os principios de universalidade, anonimato, voluntariedade, equidade e gratuidade, e comprenderá, entre outras, as funcións de prescrición e procedementos diagnósticos e terapéuticos, rehabilitación en pacientes con déficit funcional recuperable,

a educación para a saúde no seu ámbito de actuación e a realización das prestacións sociosanitarias que correspondan con este nivel de asistencia en coordinación co sistema de servizos sociais.

A intervención de asistencia sanitaria e atención aos trastornos adictivos farase a través das Unidades Asistenciais de Drogodependencias (UADs) das que dispoñan os Concellos. Ditas Unidades dependerán tanto xurídica como organicamente do ente local e en ningún caso terán vínculo laboral coa Xunta de Galicia.

Sexta.- Axudas pola execución de actividades de prevención de trastornos adictivos.

Os programas de prevención de trastornos adictivos ateranse aos criterios de planificación da Consellería de Sanidade.

Os Concellos velarán porque, no seu ámbito competencial, se asegure o cumprimento da lexislación nacional e autonómica en relación con actividades asociadas a trastornos aditivos, establecendo as medidas de vixilancia, control e corrección que correspondan.

Sétima.- Axudas por gastos de mantemento de centros sanitarios de titularidade municipal

No que atinxe ás axudas por gastos de mantemento de centros sanitarios de titularidade municipal (gastos de electricidade, teléfono, calefacción, limpeza, mantemento e outro persoal non sanitario) teranse en conta os seguintes criterios:

- t) En función do número de titulares de tarxeta sanitaria da Seguridade Social.
- u) En función da superficie dos puntos de atención continuada ou zonas especiais de urxencia.

Oitava.- Comisión de seguimento.

Para o seguimento e coordinación das accións previstas no presente convenio en canto á relación entre a administración autonómica e a FEGAMP, créase unha Comisión de seguimento composta por un representante da Consellería de Sanidade, dous representantes do Servizo Galego de Saúde, un representante da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, e catro representantes da FEGAMP. Un dos representantes pola Xunta de Galicia presidirá a comisión, e dirimirá co seu voto os eventuais empates que poidan producirse.

Son funcións desta comisión de seguimento:

- Velar polo cumprimento do convenio.
- Propoñer as medidas necesarias para garantir o exercicio coordinado das actuacións previstas no convenio.
- Propoñer as solucións das posibles controversias que puideran xurdir en relación ao convenio.
- En xeral, as que o artigo 6.3 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, lle atribúe ao órgano de vixilancia e control.

Esta comisión solicitará ao remate da vixencia do convenio á Federación Galega de Municipios e Provincias informe técnico correspondente sobre o grao de cumprimento dos obxectivos programados e relación detallada dos pagos efectuados por cada concello, correspondentes aos meses de vixencia do convenio aos efectos, no seu caso, do reintegro dos importes non liquidados.

Como mecanismo individual de seguimento e coordinación das accións previstas no presente convenio, en canto ás actuacións derivadas das relacións entre a administración autonómica e cada concello que se adhira ao mesmo e acepte as bases reguladoras contidas nel, poderase crear, unha Comisión técnica de seguimento composta por dous representantes da Administración sanitaria, e dous representantes do concello. As funcións desta Comisión técnica serán:

- Velar polo cumprimento do convenio no que se refire ás relacións entre a administración autonómica e o concello derivadas do outorgamento da subvención.
- Propoñer as medidas necesarias para garantir o exercicio coordinado das competencias de cada unha das partes.
- Propoñer as solucións das posibles controversias que puideran xurdir en relación ao convenio.

Novena.- Achegas económicas.

A Xunta de Galicia contribuirá ao financiamento das actividades comprendidas no obxecto do presente convenio, cun importe total de **7.650.243 €** con cargo á aplicación orzamentaria **1002.413A.460.2**, dos presupostos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2011, na que existe crédito axeitado e suficiente.

Da cantidade total indicada, un 60,3% corresponde aos programas de intervención de asistencia sanitaria e atención aos trastornos adictivos a través de UADs, un 21,6% corresponde aos Programas de prevención de trastornos adictivos, e un 18,1% a axudas por gastos de mantemento de centros sanitarios de titularidade municipal

A cantidade total distribúese do xeito indicado no anexo do presente convenio, mediante a atribución a cada Concello dun importe global e único.

Décima.- Período de entrega dos fondos á FEGAMP.

A FEGAMP recibirá á súa solicitude os fondos correspondentes ás subvencións, na medida e coa antelación necesaria para facilitarlle os pagamentos aos concellos beneficiarios, de conformidade co indicado na cláusula seguinte.

Ata a súa entrega aos beneficiarios, os fondos entregados á FEGAMP consideraranse en depósito e en ningún caso esta considerará os fondos recibidos como integrantes do seu patrimonio nin do seu orzamento, nin poderán ser obxecto de retención ou minoración, e deberán ser obxecto de contabilización separada.

A FEGAMP levará os rexistros contables debidos para facilitar a axeitada xustificación da subvención e a comprobación do cumprimento das condicións establecidas.

Unha vez recibidos os fondos pola FEGAMP, esta transferirá aos beneficiarios finais (concellos) a cantidade que lle corresponda, no prazo máximo de 30 días dende a súa recepción.

A FEGAMP acreditará ante as Consellerías asinantes a entrega dos fondos aos beneficiarios finais mediante xustificante de pagamentos válidos (extractos ou certificación bancaria debidamente identificados).

Undécima.- Libramento de fondos aos concellos.

O 80% dos fondos libranse como anticipo no momento da sinatura do presente convenio.

A porcentaxe restante (20%) non se fará efectiva ata que estea integramente xustificada a totalidade dos gastos correspondentes ás actividades conveniadas incluíndo o importe do anticipo indicado anteriormente.

De conformidade co previsto no artigo 65.4 do Decreto 11/2009, polo que se aproba o regulamento da Lei de subvencións de Galicia, o anticipo a queda exonerado da constitución de garantía.

Décimo segunda.- Gastos subvencionables e xustificación das subvencións.

En canto aos gastos subvencionables atenderase ao disposto no artigo 29 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia. Consideraranse gastos subvencionables aqueles que de xeito indubidable resposten á natureza das actividades subvencionadas que se realicen no prazo establecido polo presente convenio.

Nos termos recollidos nos artigos 28 a 30 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como nos artigos 41 e 42 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, a xustificación por cada concello do cumprimento das condicións impostas e da consecución dos obxectivos previstos, consistirá na certificación da intervención ou do órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a que ten sido concedida.

A xustificación acreditará expresamente o destino e importe dos gastos efectivamente aboados con cargo a cada programa ou axuda ou, cando menos, a acreditación expresa de que o pago se vaia realizar.

Cando as actividades teñan sido financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, acreditarase na xustificación o importe, procedencia e aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.

Esta documentación presentarase ante a FEGAMP, como entidade colaboradora, que comprobará a acreditación do cumprimento e efectividade das condicións e requisitos determinantes para o outorgamento das subvencións, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou disfrute da subvención, con base na documentación presentada polos concellos beneficiarios.

A FEGAMP entregará a xustificación presentada polos beneficiarios aos departamentos indicados na cláusula segunda do presente convenio, acompañando certificación do secretario da Federación co Visto e prace do seu Presidente, do cumprimento do obxecto do presente convenio, baseada nas certificacións anteriores.

A documentación xustificativa descrita nesta cláusula deberá estar en poder do Servizo Galego de Saúde, a máis tardar o 6 de decembro de 2011.

Así mesmo, deberán presentar unha memoria descritiva breve da actividade realizada así como cumprimentar os datos esixidos polos instrumentos de planificación vixentes en materia de drogodependencias e asistencia sanitaria.

En todo caso, as consellerías asinantes resérvanse o dereito de solicitar canta documentación consideren precisa, en relación coa xustificación dos gastos.

Con base na indicada documentación, os órganos indicados na cláusula segunda do presente convenio levarán a cabo a comprobación da xustificación documental das subvencións e emitirá certificación acreditativa do cumprimento das actuacións previstas no convenio.

Décimo terceira.- Cláusulas adicionais

Os beneficiarios finais deste convenio están obrigados a facilitar toda a información que lles sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

A participación no presente convenio, tanto da entidade colaboradora como dos beneficiarios finais, suporá o consentimento expreso dos interesados á administración para incluír e facer públicos os datos referidos ao convenio nos rexistros públicos da Xunta de Galicia, creados nos artigos 44 e 45 da lei 7/2005, do 29 de novembro e Decreto 126/2006, do 20 de xullo.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión destas axudas, e en todo caso a obtención de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións, entes públicos ou privados, poderá dar lugar, se con isto se alterasen os obxectivos deste convenio, á modificación da resolución da concesión.

O incumprimento dalgunha das obrigas recollidas neste convenio dará lugar ao reintegro total ou parcial das axudas recibidas e o xuro de demora correspondente de acordo co establecido no Art. 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

Décimo cuarta- Causas de resolución.

Sen prexuízo das causas de reintegro previstas no Título II da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, son causas de resolución do presente convenio:

- O incumprimento total ou parcial de calquera das súas cláusulas.
- A aplicación dos fondos outorgados a fins distintos dos que motivaron a súa concesión.
- O mutuo acordo das partes asinantes.
- A introdución de modificacións nas directrices dos programas a desenvolver, sen contar coa previa autorización escrita da Administración sanitaria.
- A denuncia de calquera das partes asinantes, sempre que o notifique ás outras con dous meses de antelación á data de finalización da vixencia do convenio.

Décimo quinta.- Xurisdición e normativa aplicable.

O presente convenio de colaboración ten natureza administrativa. As dúbidas que se presenten na súa interpretación e execución serán resoltas pola Comisión de seguimento. As partes quedan suxeitas á xurisdición contencioso-administrativa para a resolución de calquera conflito que puidera xurdir na aplicación do mesmo.

En todo o non disposto neste convenio será de aplicación a Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia, no decreto 11/2009 de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da lei 9/2007 do 13 de xuño e en canto non se opoña ao establecido na dita Lei, a Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e demais normativa de desenvolvemento, en canto lle sexa de aplicación.

Décimo sexta.- Concertos e convenios anteriores.

No caso das axudas por gastos de mantemento de centros sanitarios de titularidade municipal, a adhesión ás condicións previstas no presente convenio implicará automaticamente a suspensión dos efectos dos concertos ou convenios que para o mesmo fin se tivesen asinado anteriormente, durante o período de vixencia do presente convenio.

Décimo sétima.-Vixencia.

O presente convenio estenderá a súa vixencia dende a súa sinatura e ata o 31 de decembro do ano 2011. Sen embargo, atenderanse os pagos derivados do cumprimento deste convenio dende o 1 de decembro de 2010 ata o 30 de decembro de 2011.

A data límite para presentar as xustificacións de gasto será o 6 de decembro de 2011.

En proba de conformidade, as partes asinan por cuadruplicado na data e lugar ó inicio mencionados.

32(431).- RECLAMACIÓNS E LISTA DEFINITIVA DE ADXUDICATARIOS DAS NOVE BOLSAS DE FORMACIÓN PARA AS OFICINAS DE TURISMO DO 1.04.2011 Ó 31.12.2011. EXPTE. 3803/104.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, de conformidade co informe-proposta da xefa do servizo de Turismo e Comercio, de data 1-04-2011, conformado polo concelleiro de Industria, Turismo, Comercio e Cascos Históricos, a Xunta de Goberno Local acorda:

1.- Admitir a reclamación da aspirante Carla Peña Merayo para a revisión e subsanación da puntuación na fase de meritos académicos e aprobar a súa nova puntuación e a prelación resultante:

ANA BALADO FIGUEROA	36133593 H	1	2	7,5	10,5
Mª. JOSE GARCÍA OLIVEIRA	53183029 Z	0,7	2	7,5	10,2
NURIA PATIÑO VIEITES	45845402 P	0,9	2	7,2	10,1
NATALIA BARREIRO FIDALGO	36157165 S	1	2	7,05	10,05
EVA RODRÍGUEZ FERVENZA	39451110 S	0,6	1,6	7,12	9,32
VICTOR FERNÁNDEZ CACHO	47358158 P	0,6	2	6,5	9,1
OLALLA QUIROGA BELLO	36127395 F	0,9	1,6	6,5	9
CARLA PEÑA MERAYO	10088041 B	0,9	2	6	8,9
PATRICIA BELEN MATA COMESAÑA	36114437 K	0,9	1,8	5,95	8,65
ALEJANDRO GARCÍA GÓMEZ	36103576 Q	0,8	2	5,65	8,45
RAQUEL GRAÑA RIAL	36170068 S	0,6	1,6	6,15	8,35
IRIA ÁLVAREZ FANDIÑO	77009502 M	0,7	1,2	6	7,9
PATRICIA LÓPEZ LÓPEZ	36134358 R	0,6	1,2	6	7,8
ANA MARÍA ALCÁNTARA LÓPEZ	53177315 G	0,7	1,4	5,35	7,45
VANESA RAMOS RODRÍGUEZ	36136717 Z	1	2	4,25	7,25
LORENA GONZÁLEZ NÚÑEZ	44466710 M	0,6	1,8	4,75	7,15
LILIANA CANCELAS GARGAMALA	78739005 T	0,8	0,8	5,5	7,1
MARTA GONZÁLEZ SELLÁN	36173503 T	0,8	1,8	4,5	7,1
PAULA MARTÍNEZ BARROS	77001288 W	0,7	1,6	3,5	5,8
AGUEDA LÓPEZ RODRÍGUEZ	35577681 Q	0,9	1,2	3,5	5,6
ANA FERNÁNDEZ VÁZQUEZ	35568019 Z	0,6	1,2	3,75	5,55
JOAQUÍN DIEGO LORENZO OGANDO	76813845 D	0,7	1	3,3	5
ROSA MENDÍA ÁLVAREZ - SALA	39458263 S	0,6	1,6	2,05	4,25
MAIRA BALLESTEROS MARÍN	25192970 N	0,8	1	2,2	4
UXÍA CHAPELA RODRÍGUEZ	39462769 J	0,7	0,8	2,5	4
NICOLE LEITES CORDEIRO	53119221 P	0,5	1,6	1,8	3,9
IAGO SAAVEDRA FERNÁNDEZ	76721216 R	0,4	1	2,5	3,9
MARI CARMEN SEGADE SOUTO	77411307 T	0,7	1	2,15	3,85
EVA MARÍA MIGUÉLEZ BOUZÓN	36159162 B	0,5	1,6	1,15	3,25
VANESA GONZÁLEZ BARREIRO	35572248 B	1	0,6	1,32	2,92
Mª DEL PILAR CANDA FERNÁNDEZ	76933090 E	0,5	1,4	0,8	2,7
MAITE RODRÍGUEZ PADÍN	53189098 B	0,5	1,6	0,5	2,6
LUCÍA PRADO GONZÁLEZ	77418132 V	0,5	1	1	2,5
SUSANA VILLAVERDE DE SÁA	77402356 L	0,6	1,2	0,5	2,3
ÚRSULA CALVO ESTÉVEZ	36120169 A	0,6	1	0	1,6
ANA LORENZO RODRÍGUEZ	15491156 N	0,5	0,6	0	1,1

2.- Aprobar o listado definitivo de adxudicatarios das nove bolsas de formación.

NOMBRE	DNI	1ª	2ª	3ª	TOTAL
ANA BALADO FIGUEROA	36133593 H	1	2	7,5	10,5
Mª. JOSE GARCÍA OLIVEIRA	53183029 Z	0,7	2	7,5	10,2
NURIA PATIÑO VIEITES	45845402 P	0,9	2	7,2	10,1
NATALIA BARREIRO FIDALGO	36157165 S	1	2	7,05	10,05
EVA RODRÍGUEZ FERVENZA	39451110 S	0,6	1,6	7,12	9,32
VICTOR FERNÁNDEZ CACHO	47358158 P	0,6	2	6,5	9,1
OLALLA QUIROGA BELLO	36127395 F	0,9	1,6	6,5	9
CARLA PEÑA MERAYO	10088041 B	0,9	2	6	8,9
PATRICIA BELEN MATA COMESAÑA	36114437 K	0,9	1,8	5,95	8,65

3.- Aprobar a prelación de suplentes definitiva, desde a que se cubriaran correlativamente as vacante se cheguen a producirse, previo acordo expreso do órgano de contratación

ALEJANDRO GARCÍA GÓMEZ	36103576 Q	0,8	2	5,65	8,45
RAQUEL GRAÑA RIAL	36170068 S	0,6	1,6	6,15	8,35
IRIA ÁLVAREZ FANDIÑO	77009502 M	0,7	1,2	6	7,9
PATRICIA LÓPEZ LÓPEZ	36134358 R	0,6	1,2	6	7,8
ANA MARÍA ALCÁNTARA LÓPEZ	53177315 G	0,7	1,4	5,35	7,45
VANESA RAMOS RODRÍGUEZ	36136717 Z	1	2	4,25	7,25
LORENA GONZÁLEZ NÚÑEZ	44466710 M	0,6	1,8	4,75	7,15
LILIANA CANCELAS GARGAMALA	78739005 T	0,8	0,8	5,5	7,1
MARTA GONZÁLEZ SELLÁN	36173503 T	0,8	1,8	4,5	7,1
PAULA MARTÍNEZ BARROS	77001288 W	0,7	1,6	3,5	5,8
AGUEDA LÓPEZ RODRÍGUEZ	35577681 Q	0,9	1,2	3,5	5,6
ANA FERNÁNDEZ VÁZQUEZ	35568019 Z	0,6	1,2	3,75	5,55
JOAQUÍN DIEGO LORENZO OGANDO	76813845 D	0,7	1	3,3	5
ROSA MENDÍA ÁLVAREZ - SALA	39458263 S	0,6	1,6	2,05	4,25
MAIRA BALLESTEROS MARÍN	25192970 N	0,8	1	2,2	4
UXÍA CHAPELA RODRÍGUEZ	39462769 J	0,7	0,8	2,5	4
NICOLE LEITES CORDEIRO	53119221 P	0,5	1,6	1,8	3,9
IAGO SAAVEDRA FERNÁNDEZ	76721216 R	0,4	1	2,5	3,9
MARI CARMEN SEGADÉ SOUTO	77411307 T	0,7	1	2,15	3,85
EVA MARÍA MIGUÉLEZ BOUZÓN	36159162 B	0,5	1,6	1,15	3,25
VANESA GONZÁLEZ BARREIRO	35572248 B	1	0,6	1,32	2,92
Mª DEL PILAR CANDA FERNÁNDEZ	76933090 E	0,5	1,4	0,8	2,7
MAITE RODRÍGUEZ PADÍN	53189098 B	0,5	1,6	0,5	2,6
LUCÍA PRADO GONZÁLEZ	77418132 V	0,5	1	1	2,5
SUSANA VILLAVERDE DE SÁA	77402356 L	0,6	1,2	0,5	2,3
ÚRSULA CALVO ESTÉVEZ	36120169 A	0,6	1	0	1,6
ANA LORENZO RODRÍGUEZ	15491156 N	0,5	0,6	0	1,1

4.- Aprobar a incorporación de Carla Peña Merayo como bolsaira con efectos desde o día seguinte ao de aprobación deste expediente na Xunta de Goberno Local.

33(432).- CONCESION DE SUBVENCIÓN Á SOCIEDADE DEPORTIVA OCTAVIO DE VIGO PARA A AXUDA DO PROXECTO ACADEMIA DEPORTE E DOS DESPRAZAMENTOS DA ENTIDADE PARA A TEMPADA 2010-2011. EXPTE. 7399/101.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, de conformidade co informe-proposta do xefe de Protocolo e RR.PP., de data 8-02-2011, conformado pola concelleira-delegada de Facenda, a Xunta de Goberno Local acorda:

1. “Conceder á Sociedade Deportiva Octavio de Vigo, CIF G-36907384 unha subvención pola contía de 30.000 euros para axuda dos gastos do Proxecto Academia Deporte e dos desprazamentos da entidade para a tempada 2010-2011, que será de cargo á partida 912.0.489.00.04 (outras subvencións) ou á súa bolsa de vinculación.
2. Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.
Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción.
A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.
3. A presente subvención terá a publicidade prevista no artigo 15 da Lei de Subvencións de Galicia.
4. A beneficiaria, no prazo de tres meses a conta desde o remate da actividade subvencionada deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos; os xustificantes de pago dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.
A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos.
As facturas, que serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1496/2003, de 28 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Non será preciso que nos documentos xustificativos de pago conste de forma expresa que os pagos aos que os mesmos se refiren foron satisfeitos con anterioridade ao proceso de xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención.

Se o beneficiario solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampinado da factura orixinal, indicando no estampinado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampinado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

5. Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar esta ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.
6. O beneficiario deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida polo Concello de Vigo e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.
7. Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.
8. Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer o beneficiario da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarse ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.
9. O beneficiario está informado de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.
Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento o Concello de Vigo.
O beneficiario poderá exercer-los dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o Concello de Vigo.
10. No demais, a concesión da subvención obxecto da presente resolución, rexerá pola Lei 38/2003 de 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006, polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.”

34(433).- GRATIFICACIÓN POR SERVICIOS EXTRAORDINARIOS DE DOMINGOS, FESTIVOS E NOCTURNADE Ó PERSOAL DE DIVERSOS SERVICIOS. EXPTE. 21891/220.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, de conformidade co informe-proposta da técnica de Avaliación e Formación, de data 16-03-2011, conformado pola xefa de Recursos Humanos, e co informe do técnico de Intervención do 24.03.2011, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

“Aboar en concepto de gratificación por servizos extraordinarios de domingos, festivos e a xornada nocturna ó persoal que figura nas relacións achegadas segundo a seguinte distribución:

SERVICIO	MES	TOTAL FESTIVAS	IMPORTE FESTIVAS	IMPORTE NOCTURNAS	IMPORTE TOTAL
Alcaldía	Febreiro	Costas Fernández, Basilio a Fontán Balbuena, Camilo	454,26	89,76	544,02
Alcaldía (oficina)	Febreiro	Abalde Comesaña, Raquel	201,00	0,00	201,00
Limpeza	Febreiro	Hermida Sanmartin, Juan José	184,92	394,40	579,32
Electromecánicos	Febreiro	Arias Rodriguez, Damaso	80,40	380,80	461,20
Policía Local	Febreiro	De Abalde Casanova, Jesús Iván a Vivero Mijares, Juan Guillermo	47.256,79	29.161,12	76.417,91
Parque Central	Febreiro	De Aira Pereiro, Emilio a Rodríguez Leiros, Alfonso	932,64	685,44	1.618,08
Parque Móbil	Febreiro	De Alonso González, Angel a Vulcano Ferreyra, J. Genaro	1.262,28	1.096,84	2.359,12
Tenencia Alcaldía	Febreiro	De Pérez Costas, José Luis a Vázquez Martínez, Manuel A.	124,62	51,68	176,30
Desinfección	Febreiro	De Pardellas Avión, A. Avelino a Seijas Álvarez, José Ramón	192,96	174,08	367,04
Museo	Febreiro	De Ogando López, José Manuel a González Bello, Andrés	349,74	0,00	349,74
Extinción Incendios	Febreiro	De Abreu Torres, Francisco J. A Veiga García, Rubén	1.298,46	0,00	1.298,46
Cemiterios	Febreiro	De Alfonso Paz, Jesús a Vilanova Acuña, Delmiro	1.999,95	0,00	1.999,95
Conserxería	Febreiro	De Vaqueiro Herbello, Teresa	17,29	0,00	17,29
IMD	Xan/Febr	De Rodriguez Presas, Julio	291,45	28,56	320,01
TOTAL			54.646,75	32.062,68	86.709,43

os importes que en cada caso se indican e que ascenden a un total de 86.709,43 €, con cargo a partida presupostaria 922.0.151.00.00-GRATIFICACIÓNS.”

35(434).- NOMEAMENTO INTERINO DUNHA AUXILIAR DE ADMINISTRACIÓN XERAL POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS PARA O SERVIZO DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS, POR UN PERIODO DE SEIS MESES. EXPTE. 21911/220.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, de conformidade co informe-proposta do técnico de Organización, de data 30-03-2011, conformado pola xefa de Réxime Interior, e co informe do técnico de Intervención do 1.04.2011, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Declara-la urxencia para proceder ó nomeamento dunha funcionaria interina por acumulación de tarefas, como auxiliar administrativa, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades do Servizo de Extinción de Incendios contidas no escrito de data 20 de febreiro de 2011.

Segundo.- Nomear funcionaria interina por acumulación de tarefas como auxiliar de administración xeral por un período máximo de seis meses, á D^a. ELENA MARÍA ANDRADE TATO, DNI 36.103.573-J, seguinte aspirante que superou tódolos exercicios do último proceso de selección de persoal convocado para o nomeamento de Auxiliares de Administración xeral por acumulación de tarefas, de conformidade co previsto no acordo da Xunta de Goberno Local de 30 de decembro do 2008 e na Instrución conxunta das Secretarías Xerais para a Administración Pública e de Orzamentos e Gastos sobre procedementos de autorización de contratos de persoal laboral e nomeamento de funcionarios interinos, así como co disposto no artigo 10.1.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

Terceiro.- Autoriza-lo gasto por importe de 10.747,59€, con cargo a partida orzamentaria 922.0.140.00.00-outras modalidades de contratación laboral, para facer fronte ao referido nomeamento.

Cuarto.- O referido nomeamento farase de conformidade co disposto no art. 10.1.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, rematando cando transcorran os seis meses dende a data do nomeamento nos termos legalmente previstos.”

36(435).- NOMEAMENTO DE FUNCIONARIOS EN PRÁCTICAS CON CARGO A 7 PRAZAS VACANTES DE CONDUCTOR-BOMBEIRO. EXPTE. 21917/220.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, de conformidade co informe-proposta do técnico de Organización, de data 1-04-2011, conformado pola xefa de Recursos Humanos, a Xunta de Goberno Local acorda:

“Primeiro.- Nomear funcionarios en prácticas, con cargo a 7 prazas vacantes de Conductor-bombeiro do Servizo de Extinción de Incendios, aos seguintes aspirantes propostos polo Órgano de Selección, que superaron tódolos exercicios da referida oposición, obtendo ás máximas cualificacións e que son os que de seguido se indican:

1º.- D. DAVID JOSÉ LÓPEZ VÁZQUEZ, DNI 36.143.273-S, que obtivo un total de 38,575 puntos.

2º.- D. ANDRÉS PEREIRO REIGOSA, DNI 77.004.430-Q, que obtivo un total de 38,325 puntos.

3º.- D. PABLO FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ, DNI 53.193.464-F, que obtivo un total de 36,475 puntos.

4º.- D. MIGUEL A. CABALEIRO NOVELLE, DNI 77.000.540-J que obtivo un total de 36,225 puntos.

5º.- D. MOISÉS CALVAR RÍOS, DNI 36.142.373-N, que obtivo un total de 33,900 puntos.

6º.- D. ANTONIO RODRÍGUEZ CID, DNI 36.095.650-W, que obtivo un total de 33,725 puntos.

7º.- D. MANUEL RODRÍGUEZ GÓMEZ, DNI 36.149.762-H , que obtivo un total de 32,750 puntos.

Segundo.- De conformidade co previsto na Base VIII das específicas, en relación coa base XIV das xerais, ós as aspirantes aprobados/as unha vez aportada a documentación esixida, serán nomeados funcionarios en practicas, percibindo as retribucións que lles correspondan (neste caso soldo inicial), en tanto realizan o correspondente curso teórico-practico.

Así mesmo, o art. 2. do RD. 456/1986, de 10 de febreiro, modificado polo Real Decreto 213/2003, de 21 de febreiro, polo que se modifica o real Decreto 456/1986, do 10 de febreiro, polo que se fixan as retribucións dos funcionarios en prácticas, establece que aos efectos retributivos, os funcionarios en prácticas que xa estean prestando servizos remunerados na Administración como funcionarios de carreira ou interinos, deberán optar o comezo do período de prácticas por percibir, con cargo ó organismo público ó que estean adscritos os postos de traballo de orixe, as retribucións correspondentes ao posto que estimen oportunos.

Terceiro.- Os aspirantes nomeados deberán tomar posesión da súa praza como funcionarios en prácticas no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da recepción do presente acordo, quedando supeditada a súa toma de posesión como funcionarios de carreira a que superen o curso teórico-práctico contemplado nas bases específicas da convocatoria”.

37(436).- NOMEAMENTO DE FUNCIONARIOS EN PRÁCTICAS CON CARGO A 10 PRAZAS VACANTES DE BOMBEIRO. EXPTE. 21918/220.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, de conformidade co informe-proposta do técnico de Organización, de data 1-04-2011, conformado pola xefa de Recursos Humanos, a Xunta de Goberno Local acorda:

“Primeiro.- Nomear funcionarios en prácticas, con cargo a 10 prazas vacantes de Bombeiro do Servizo de Extinción de Incendios, aos seguintes aspirantes propostos polo Órgano de Selección, que superaron tódolos exercicios da referida oposición, obtendo ás máximas cualificacións e que son os que de seguido se indican:

- 1º.- D. SERGIO GONZÁLEZ CAMPOS, DNI 35.569.151-L, que obtivo un total de 28,500 puntos.
- 2º.- D. DANIEL CABALEIRO NOVELLE, DNI 77.000.590-V, que obtivo un total de 27,925 puntos.
- 3º.- D. RUBÉN ALONSO BARCIA, DNI 36.136.775-A, que obtivo un total de 27,575 puntos.
- 4º.- D. DAVID CAMPOS ILESIAS, DNI 36.148.602-P, que obtivo un total de 27,150 puntos.
- 5º.- D. ADRIÁN ROMERO CANCELAS, DNI 53.180.685-Q, que obtivo un total de 26,650 puntos.
- 6º.- D. BRUNO DE SOUSA DÍAZ, DNI 36.141.763-T, que obtivo un total de 25,850 puntos.
- 7º.- D. DENNIS GUERRA COLMENERO, DNI 76.722.117-M , que obtivo un total de 25,825 puntos.
- 8º.- D. RICARDO GÓMEZ CHORÉN, DNI 53.179.832-Z, que obtivo un total de 25,780 puntos.
- 9º.- D. DAVID MOLEDO PEREIRA, DNI 36.159.806-B, que obtivo un total de 25,400 puntos.
- 10º.- D. LUCAS IGLESIAS OLMEDO, DNI 53.173.140-S, que obtivo un total de 25,225 puntos.

Segundo.- De conformidade co previsto na Base VIII das específicas, en relación coa base XIV das xerais, ós as aspirantes aprobados/as unha vez aportada a documentación esixida, serán nomeados funcionarios en practicas, percibindo as retribucións que lles correspondan (neste caso soldo inicial), en tanto realizan o correspondente curso teórico-practico.

Así mesmo, o art. 2. do RD. 456/1986, de 10 de febreiro, modificado polo Real Decreto 213/2003, de 21 de febreiro, polo que se modifica o real Decreto 456/1986, do 10 de

febreiro, polo que se fixan as retribucións dos funcionarios en prácticas, establece que aos efectos retributivos, os funcionarios en prácticas que xa estean prestando servizos remunerados na Administración como funcionarios de carreira ou interinos, deberán optar o comezo do período de prácticas por percibir, con cargo ó organismo público ó que estean adscritos os postos de traballo de orixe, as retribucións correspondentes ao posto que estimen oportunos.

Terceiro.- Os aspirantes nomeados deberán tomar posesión da súa praza como funcionarios en prácticas no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da recepción do presente acordo, quedando supeditada a súa toma de posesión como funcionarios de carreira a que superen o curso teórico-práctico contemplado nas bases específicas da convocatoria”.

38(437).- AUTORIZAR Á ENTIDADE URBANÍSTICA DE CONSERVACIÓN DO PARQUE TECNOLÓXICO E LOXÍSTICO DE VIGO A SOLICITAR UNHA SUBVENCIÓN A CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA. EXPTE. 826/440.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, de conformidade co informe-proposta do xefe de área de Servizos Xerais, de data 17-03-2011, a Xunta de Goberno Local acorda:

1º.- Autorizar á Entidade Urbanística de Conservación do Parque Tecnolóxico e Loxístico de Vigo, da que forma parte o Concello de Vigo segundo convenio asinado en data 11 de maio de 2007 para a conservación do Parque Tecnolóxico e Loxístico de Vigo, para a solicitar a subvención ante a Consellería de Economía e Industria para os seguintes proxectos:

- * Ampliación do circuíto pechado de vídeo vixilancia.
- * Identificación das isletas de residuos existentes no PTL.

2.- A inversión necesaria a realizar para levar a cabo os proxectos mencionados será por conta da Entidade de Conservación do Parque Tecnolóxico e Loxístico de Vigo. En ningún caso o Concello de Vigo terá a obriga de aportación económica algunha.

39(438).- DECLARACIÓN DE CADUCIDADE DO EXPTE. 33999/212, E ORDENAR A INCOACIÓN DUN NOVO EXPEDIENTE DISCIPLINARIO CONTRA OS DOUS FUNCIONARIOS DA POLICIA LOCAL. EXPTE. 34637/212.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, de conformidade co informe-proposta do secretario e instrutor do expediente, de data 30-03-2011, a Xunta de Goberno Local acorda:

1º.- Declarar a caducidade do expediente 33999-212, con arquivo de todo o actuado.

2º.- Dado que as infraccións imputadas non están prescritas, ordenase a incoación dun novo expediente disciplinario contra os citados funcionarios, pola comisión no caso do Inspector con carné profesional C-308 de dúas infraccións previstas no art. 8, apartados h), x) e z) en relación co art. 15 e a DF 6ª, todos da L.O. 4/10, que derogou os arts. 27 e 28 da L.O. 2/86 e o RD 884/89; e dunha infracción prevista no art. 8 x da L.O. 4/10 no caso dos policía locais 424 e 397.

3º.- Nomear instrutor do mesmo ao funcionario de carreira con posto de traballo de Adxunto Xurídico da Policía Local, D. Antonio Vivero Mijares, e Secretario do expediente disciplinario ao Inspector principal D. Alberto Freire Estévez.

4º.- A efectos da súa tramitación, ordenar a incorporación das actuacións practicadas no expediente 33999-212.

40(439).- PROXECTO MODIFICADO Nº 1 COSTE CERO DO PROXECTO DE HUMANIZACIÓN DO ENTORNO DA RUA SALVATERRA. EXPTE. 851/440.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, de conformidade co informe-proposta do xefe de área de Servizos Xerais, de data 31-03-2011, a Xunta de Goberno Local acorda:

1º.- Aprobar o proxecto modificado nº 1 Coste cero do Proxecto de Humanización do entorno da Rúa Salvaterra, de acordo cos criterios anteriormente indicados, e que quedan xustificadas no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos de data 25 de marzo de 2011.

41(440).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se formularon.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás 10.15h. Como secretaria dou fe.

am.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Isaura Abelairas Rodríguez.